Xosé Otero Espasandín

Obra galega

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Xosé Otero Espasandín
Obra galega

Edición, introdución e notas de:
MARÍA CUQUEJO ENRÍQUEZ
Colaboración de:
Xosé Gregorio Ferreiro Fente

XUNTA DE GALICIA

Colección Láncara de Poesía

Director:

LUÍS ALONSO GIRGADO

Edita:

XUNTA DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Coordinador Científico:

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Literatura:

ANXO TARRÍO VARELA

Ilustración da cuberta:

BALDO RAMOS

Realización:

GALIGRAF GALICIA

ISBN: 84-453-4254-1

Depósito Legal: C. 773-2006

Agradecemento

A nosa gratitude a don Francisco Fernández del Riego, don Xosé Luís Axeitos e don Dionisio Pereira pola súa xenerosa colaboración nesta edición. Grazas, pois, pola súa inestimable axuda.

(A editora)

ÍNDICE

PERFIL BIOGRÁFICO 13

OBRA 19

1. *Alfabeto*, o libro que nunca foi 21
2. Xosé Otero Espasandín: literatura e exilio 28
3. Criterios de edición 42

BIBLIOGRAFÍA 45

1. Activa 47
2. Pasiva 53

POEMAS 57

Parábola 59
Poemas 61
Campanario d'aldea 62
Paseo as miñas cábalas 63
Dos soutos da noite 64
Poemas 65

Sementeira 66
A sombra e mais eu 67
O teu quedo pisar, muller dos meus soñares 68
A lúa sigueute... 69
Na miña lista de noites... 70
Costa aberta 71
Paisaxes da neve 72
Aldea do monte 73
Apuntes 74
Seran 76
Pico de Castrodiz 78
Choiva de abril 80
Dolmen de Oleiros 82
Solpor 84
Pontes do Lerez 87
Pranto in memoriam de Rafael Dieste 90


PROSA VARIA 93

Inquedanzas 95
Literatura i-outras cousas 98
A roita dos pelegrinos 101
Coincidencias 103
A Micro-Residencia 105
Artigo pra mocedade 108
Incitaciós 113
Proel, por Luís Amado Carballo 116
Nova aportación â lírica galega 118
Limiar a *O Galo* 119
DE CATRO A CATRO, por MANUEL ANTONIO, Editorial Nós, A Cruña, 1928 121
As promesas galegas: a nosa escola 124
Reivindicacions galegas. A fala i-o home 127
Apoloxía de Rafael Dieste 133

APÉNDICES 141
Correspondencia con Francisco Fernández del Riego 143
Correspondencia con Rafael Dieste, Eduardo Dieste e Carmen Muñoz 155
Correspondencia con Taboada e Herminia 194
Correspondencia con Manuel Monteagudo Ruzo 203

Siguiente

PERFIL BIOGRÁFICO



José Rogelio Otero Espasandín nace en Santa Olaia de Castro no Concello de Cerdedo, Pontevedra, o 9 de novembro de 1900. Alí vivirá os seus primeiros anos ata que en 1914 comece os estudos de Maxisterio en Compostela. En 1921, xa en posesión do título de mestre, vai cumprir co servizo militar e, por mor do desastre de Annual, é mobilizado a Melilla, neste mesmo ano, como unidade do Batallón expedicionario do Rexemento de Zaragoza. En terras africanas coincide con Rafael Dieste, Amado Villar e mais Brea Segade e xuntos faranlle fronte a un destino duro tanto pola guerra como polos rigores do deserto. Unha descrición moi plástica de como viviron este ano en Marrocos dánola Dieste na súa correspondencia con Manuel Antonio:

> ¿Qué queres que che diga de África? Sol, moito sol, barracas derrengadas, trompetas, camións, fantásticas polveiradas y-alá lonxe unha grotesca perspeitiva de guiñol: ministros que caen, ministros que suben, discursos,...[1]

Neste marco africano comézase a deliñar a figura de Dieste como "miliciano da cultura" e, en boa medida, tamén a de Otero Espasandín; se ben este último non participa na elaboración da revista *Charamuscas*[2], na que escriben o autor rianxeiro xunto con Brea Segade e Jesús Romero Sánchez.

[1] Carta de Rafael DIESTE a MANUEL ANTONIO, Drius, 18 de agosto de 1921, recollida en AXEITOS, Xosé Luís (ed.): *Rafael Dieste. Obras completas. Epistolario*, tomo V, Sada – A Coruña, Ediciós do Castro, 1995.

[2] BREA REY, Xosé Ramón: "*Charamuscas*, a revista de Rafael Dieste na guerra de África", *Boletín Galego de Literatura,* nº 13, maio, 1995, pp. 39-50.

A partir da campaña de África, da que regresa por volta do ano 1923, Otero establecerá fortes lazos cos seus compañeiros, sobre todo con Rafael Dieste. Co autor d'*Os arquivos do trasno* serán moitas as publicacións, as inquedanzas e mais as angueiras en común, ademais dunha fonda amizade que os unirá toda a vida. Con Amado Villar, que durante varios anos dirixirá as páxinas literarias de *Faro de Vigo*, manterá Otero Espasandín unha asidua colaboración[3]. Asemade, a relación de José Mª Brea Segade[4] co autor que nos ocupa nestas páxinas, tamén vai máis aló deste tempo que partillaron en terras marroquís, xa que en 1923 ambos os dous comezarán a traballar como mestres nos Pósitos de Pescadores, o de Cerdedo no de Ribeira –ao que se incorporará tamén, aínda que brevemente, Rafael Dieste como docente no ano 1926– e Brea Segade no da súa vila natal, Rianxo.

Así pois, de volta en Galicia arredor de 1924, ademais do seu traballo como mestre, Otero Espasandín comeza a colaborar en varios xornais e publicacións galegos: *Galicia*, *Faro de Vigo*, *Nós* ou *El Pueblo Gallego*. Os seus primeiros escritos en lingua galega[5] publicaranse neste último xornal a partir do ano 1926.

En 1929 vai ampliar os seus estudos á Escola Superior de Maxisterio de Madrid, onde se especializa en ciencias. Na capi-

[3] Algúns dos traballos de OTERO ESPASANDÍN, todos eles en castelán, aparecidos no xornal vigués son: "Elogio" (17-II-1924), "Caminito blanco" (2-III-1924), "En la escuela" (23-III-1924), "Confidencias" (13-IV-1924), "La paz del sendero" (20-IV-1924), "Eras niña" (11-V-1924), "Rótula" (25-V-1924), "Poema de la tarde" (3-VIII-1924), "Amén" (26-X-1924), "Alucinación" (9-XI-1924), "Caminos adentro" (30-XI-1924) ou "Estampas de invierno" (25-I-1925).

[4] Se cadra o menos coñecido dos catro, este rianxeiro, que morre con apenas 30 anos (1904-1930), non chegou a publicar ningunha obra en vida. Hoxe en día conservamos algúns dos seus escritos grazas á súa familia que, desoíndo as indicacións do escritor –pouco antes do seu pasamento manda queimar a súa obra aducindo que "Isto non vale para nada. O mundo vai guiarse por outros rumbos"–, conserva algunhas poesías e prosas. Vid. Avelino ABUÍN DE TEMBRA: "O poeta Brea Segade (I)" e "O poeta Brea Segade (e II)", *Galicia Hoxe,* 8 e 9 agosto 2004.

[5] Vid. apartado "Bibliografía activa en galego" de OTERO ESPASANDÍN e os textos reproducidos en "Poemas" e "Prosa varia".

tal comeza unha etapa na que desenvolve unha vizosa vida intelectual e profesional. Traballa coma profesor de matemáticas na Escola Plurilingüe Internacional –onde coñece á que será a súa dona, Alicia Ortiz Alonso– e colabora tamén no Museo de Ciencias. Mergúllase, xunto co seu amigo Rafael Dieste, na anovadora proposta educativa que supoñen as Misións Pedagóxicas e que os levará por diversos puntos da xeografía española. Amais, colabora en xornais como *Nueva España* ou, xa no ámbito galego e como poeta, en revistas como *Nós* ou *Universitarios*.

Nestes anos, Otero Espasandín é tamén un asiduo dos parladoiros que tiñan lugar nos madrileños *Café de las Flores* e *La Granja El Henar*, onde un nutrido grupo de asistentes se reunía en torno a Eduardo Dieste –na altura cónsul de Uruguai en España–, no primeiro, e a Ramón María del Valle-Inclán no segundo. Nesta época, e a modo de novo punto de reunión dos homes que se xuntaban nos parladoiros da capital, nace a revista *P.A.N. Revista epistolar y de ensayos* (1935)[6] impulsada polo máis vello dos Dieste e baixo a dirección do autor que nos ocupa nestas páxinas[7]. Nos sete números que saíron da revista colaboran, entre outros, Jesús Bal y Gay, Antonio Baltar, Roberto Blanco Torres, Eduardo e Rafael Dieste, E. Fernández Granell, Fernández Mazas, Enrique Fernández Sendón, Ramón Gaya, Lorenzo Varela, Otero Espasandín e Antonio Sánchez Barbudo.

O alzamento de 1936 e a posterior Guerra Civil truncan a vida de Xosé Otero Espasandín (como a de tantos outros) que é mobilizado no bando republicano. Pasa os anos da guerra na Cidade Condal, nunha oficina de aviación, ata que o 9 de febrei-

[6] Contamos cunha edición facsímile desta revista: *P.A.N. Revista epistolar y de ensayos*, Sada–A Coruña, Ediciós do Castro, 1995.

[7] A xénese do abrollar da publicación pódese seguir polo miúdo no correo epistolar que manteñen Eduardo e Rafael Dieste. Vid. Xosé Luís AXEITOS (ed.): *Rafael Dieste. Obras completas. Epistolario*, tomo V, Sada – A Coruña, Ediciós do Castro, 1995.

ro de 1939 cruza a fronteira pirenaica e consegue chegar a Francia acompañado de Rafael Dieste, Sánchez Barbudo e Ramón Gaya, compañeiros das Misións Pedagóxicas e da revista *P.A.N.* e cos que días antes se reunira en Olot.

Estes primeiros días do longo exilio (do que Xosé Otero Espasandín xa non retornaría) foron lembrados e relatados polo autor de Cerdedo en diferentes faladoiros xa en terras americanas. Así o testemuña Blas Matamoro[8], a quen lle quedou gravado este episodio:

> El equipaje del exiliado es liviano, a veces nulo. Recuerdo al matemático Otero Espasandín que, en Buenos Aires, rememoraba haber cruzado la frontera francesa de Cataluña, a pocos pasos de Antonio Machado, apenas con su regla de cálculo.

[8] Blas MATAMORO, "Prólogo" a SÁNCHEZ ANDRÉS, Agustín e Silvia FIGUEROA ZAMUDIO (coord.): *De Madrid a México. El exilio español y su impacto sobre el pensamiento, la ciencia y el sistema educativo mexicano*. Morelia, México: UMSNI-I-Comunidad de Madrid, 2001.

OBRA

1. *ALFABETO*, O LIBRO QUE NUNCA FOI

> Voy a hacer recuento de mis papeles, voy a soslayar bagatelas profesionales, y tratar de poner freno a mis propias flaquezas quietistas, y sin alocadas prisas ni fáciles desánimos, completar el libro.
>
> X. OTERO ESPASANDÍN
> (carta a FRANCISCO F. DEL RIEGO, 16-setembro-1952)

A obra escrita en galego de Xosé Otero Espasandín, hoxe reunida neste volume, atópase esparexida por diferentes xornais e revistas e tamén en varias das páxinas que conforman a súa correspondencia. Malia ser a súa obra relativamente ampla e varios dos seus escritos de gran calidade, o escritor non chegará a ver os seus traballos en galego reunidos nun volume, por máis que, cando menos en dúas ocasións, teñamos noticia de que estaba a pensar en publicar un poemario. Esta é razón de que o noso autor, como precisa Carballo Calero[9], non apareza incluído en ningunha das historiografías da literatura galega –agás en *De*

[9] "Autores que apenas nos deixaron testemuñas literarias galegas anteriores a 1936 –teñan ou non realizado despóis unha verdadeira carreira literaria– non figurarán nos nosos parágrafos, como non sexa nunha referencia eventual." En nota a rodapé: "Así, poetas que se poden aliñar con MANUEL ANTONIO, como Xosé OTERO ESPASANDÍN e outros, dos que un número moi reducido de versos aparecéu denantes de 1936 –e que nunca publicaron libros de poesía–, han de agardar un estudo monográfico sobre a poesía de vangarda en Galicia. Outros –poetas e prosistas– de producción serodia non caben, malia a súa edade, nos límites do nosos estudo." En CARBALLO CALERO, Ricardo: *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia, 1981, p. 692, nota a rodapé.

Pondal a Novoneyra[10], onde se estuda coma un dos poetas da chamada Xeración do 25– e, se cadra, que o propio autor non se considere un poeta, como el mesmo confesa a Fernández del Riego:

> soy un poeta de refilón. He visto el Helicón desde sus garganta y faldas, pero jamás osé invocar los sagrados mensajes de las hijas de Zeus. Creo además que estas invocaciones conocen nuestra voz individual. Y esto no es para un mortal cualquiera.[11]

O primeiro dos volumes no que Otero Espasandín proxectara reunir os seus poemas en galego é o libro *Alfabeto,* que, se ben foi anunciado nas páxinas de *Nós* e de *El Pueblo Gallego* en epígrafes que presiden máis dun poema, nunca se chegou a publicar. O conxunto de poemas que había de constituír o libro entregoullo a Bouza Brey para a súa publicación en *Nós* e, a partir deste momento, perdéronse, se cadra, como sinala Luís Seoane[12], por mor da Guerra Civil

> En la revista *Nós* y en otras publicaciones de Galicia se publicaron algunos de sus poemas ejemplares seleccionados de una extensa obra inédita, parte de la cual se perdió como consecuencia de dicha última guerra.

Moitos anos despois e xa no desterro norteamericano, Otero Espasandín, animado por Seoane, baralla a idea de publicar algúns dos seus poemas galegos reunidos nun libro e así llo comenta a Fernández del Riego nunha das súas cartas[13]:

> Quisiera completar un pequeño libro de poemas gallegos, "una botella al mar" para mi excelente amigo Seoane. Se lo tengo

[10] MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís: *De Pondal a Novoneyra*, Vigo: Galaxia, 1984.
[11] Carta a FERNÁNDEZ DEL RIEGO, 31 de agosto de 1949.
[12] S[EOANE], L[uís]: "Desterrados gallegos. José Otero Espasandín", *Galicia Emigrante,* nº 22, xullo 1956, p.19.
[13] Carta a FERNÁNDEZ DEL RIEGO, 16 de setembro de 1952.

> prometido y me agradaría cumplir la promesa, pero cumplirla de la única manera, que una promesa de esta clase puede cumplirse: una botella al mar que "prenda" en la corriente y se convierta en el signo de su existencia, en el espejo de su pujanza. Una botella dispuesta a irse al fondo o a buscar tercamente los limos de la marea baja para descansar su modorra en una costa, sin pena ni gloria, no es para ofrecida a un amigo de tan excelso aliento. Cualquier día voy a hacer recuento de mis papeles, voy a soslayar bagatelas profesionales, y tratar de poner freno a mis propias flaquezas quietistas, y sin alocadas prisas ni fáciles desánimos, completar el libro.

Dous anos despois, en xaneiro de 1954, e tamén en carta a Francisco Fernández del Riego, adía o proxecto de publicación deste poemario alegando que aínda non falara co seu amigo Seoane e que alén disto non contaba con poemas suficientes para reunir nun volume que, finalmente, nunca se chegou a publicar.

Así as cousas, Xosé Otero Espasandín é, dentro da literatura galega de preguerra, un poeta que agora reivindicamos dende esta a súa obra galega. Pero esta reivindicación non pode levarnos a falar dunha obra que, en realidade, e por máis que o propio escritor desexara (e proxectara en diversas ocasións) que as cousas sucederan de xeito ben distinto, non chegou a callar nin sequera nun libro. Así, Otero Espasandín constitúe un caso máis de poeta sen libro, de poeta que quixo ser, de lírico "de refilón" ao que, segundo Luís Seoane, a Guerra Civil impediu ver publicado o seu *Alfabeto* que lle enviara a Bouza Brey e do que deixara algunhas primeiras mostras en poemas aparecidos nas páxinas de *Nós* e de *El Pueblo Gallego*.

Como aconteceu con outros poetas da súa xeración (a de 1925, por escoller algunha das variadas denominacións que recibiu), Otero Espasandín compartiu as tráxicas circunstancias e o infortunio que estragou tantas prometedoras revelacións, tantos brillantes comezos, tanta vocación galeguista rematada en frus-

tración e abandono. Efectivamente, como moitos outros mozos escritores do seu tempo, comezou publicando poemas –ben poucos– na prensa[14] galeguista da época. Logo veu o silencio dos anos da guerra e o longuísimo periplo do exilio: Inglaterra, Arxentina, Estados Unidos e, conxuntamente, a necesidade de traballar arreo, facendo de todo para sobrevivir, aínda cunha cada día máis fonda desesperanza pola consolidación da situación en España. Pasan décadas entre a redacción dos poucos poemas que escribe entre os anos corenta e cincuenta e final da década dos oitenta, cando morre o escritor. A súa derradeira composición está datada en 1982.

Otero Espasandín non foi quen, xa no exilio, de cumprir a promesa dun libro de versos galegos feita a Luís Seoane[15]. Pola contra, enviou un feixe de seis poemas a Fernández del Riego para a escolma que este ía publicar en 1955. Xornais e revistas como *Universitarios*, *Alba*, *Galicia* e *Eco de Galicia* (as dúas da Habana), *Galiza* (Mondoñedo) e *Grial* publicaron algún poema illado da súa autoría. O escaso número de poemas publicados, dos que recompilamos un total de 22, a irregular cronoloxía da publicación e, en definitiva, a carencia dun libro sequera deu como resultado, polo que atinxe á nosa historia literaria, a simple mención na nómina xeracional, a referencia en citas a rodapé ou, no mellor dos casos, as notas ou trazos caracterizadores da súa voz en libros sobre a nosa poesía que van dende o moi citado de Méndez Ferrín[16] ata o de Teresa López[17], que configura un grupiño de voces coetáneas sen libro: Bal y Gay, J. Carballeira, Denys Fernándes, E. Mosteiro e Otero Espasandín, relacionado este "de maneiras diversas e non de forma exclusiva, coa poética

[14] Referímonos a cabeceiras como *Nós*, *El Pueblo Gallego* –xa citadas– ou *Galiza* e *Universitarios*.
[15] Carta a FERNÁNDEZ DEL RIEGO, 16 de setembro de 1952.
[16] *De Pondal a Novoneyra*, Vigo: Xerais, 1984.
[17] *Sementeira de ronseis*, A Coruña: Espiral Maior, 2000.

do autor de *De catro a catro*"[18] nos poemas seleccionados –nove en total– no seu libro *Sementeira de ronseis. Cinco poetas de vangarda*.

Non imos entrar aquí no debate do que foi ou non foi a vangarda na literatura galega. En todo caso, Otero Espasandín ilustra perfectamente cos seus poemas o escaso pulo da renovación e do rupturismo vangardista nas letras do país e iso, aínda tendo en conta que dedica a Manuel Antonio a súa "Parábola", composición coa que inicia a súa traxectoria e na que é perceptible a pegada do visionario[19], do funebrismo e o misterio, do íntimo desacougo. Todo iso, no entanto, envolveito e disolto nun paisaxismo tradicional que está tratado coa retórica e a cosmovisión hilozoísta. Esta clave, que afecta a moi boa parte da súa breve produción, está en relación coa amizade e admiración que manifestou á figura de Luís Amado Carballo. É ben sabido que Otero Espasandín prologa a edición póstuma d'*O Galo*, escribe sobre *Proel* e dedica ao poeta de Pontevedra a inequívoca "Sementeira" na que xa o comezo:

> "Arco da vella
> disparas a frecha do campanario
> ó corazón do ceo..."

nos sitúa abertamente no hilozoísmo e no paisaxismo amadocarballista, coa súa nota (final) de bucolismo, a supresión do eu lírico do enunciado do poema e a constante transmutación da realidade: "a marea dos centeos" (metáfora que fusiona marterra), "o corazón do ceo" (metáfora vivificadora), "frecos da choiva" (metáfora cousificadora), "o abade merlo" (aposición humanizadora), "Vai a rabela do arado/A escribir o seu verso" (predicación metafórica humanizadora), sen que falte a impreg-

[18] *Ibidem*, p. 33.
[19] O primeiro que coñecemos, "Parábola", apareceu nas páxinas de *Nós* en 1926.

nación sensorialista ("sol amarelo, arrecendeu, Mareeelo...") da paisaxe e a nota de relixiosidade sinxela e aldeá. O paisaxismo tradicional na nosa lírica anúnciase xa nos títulos dos poemas ("Campanario d'aldea", "Sementeira", "Aldea do monte", "Serán", "Pico de Castrodiz", "Pontes do Lérez", etc.) e os seus elementos adquiren vida, alento e dimensión humana de acordo coa cosmovisión hilozoísta mentres que a imaxe é o máis relevante procedemento metamorfoseador do universo lírico dos poemas.

O achegamento á voz de Manuel Antonio é evidente sobre todo nos poemas escritos nos anos vinte e trinta; escritos, polo tanto, en Galicia. A pegada do rianxeiro é máis que notable en "Poemas", dedicado a "O piloto F. Sendón", poema do mar, inequivocamente, e que está percorrido por imaxes humanizadoras. Subliñemos como un trazo máis do achegamento do poeta á vangarda, a súa renuncia ao poema de metro e rima tradicionais. Advertimos, pola contra, unha frecuente polimetría e unicamente algunhas irregulares asonancias. Soubo entender o autor que na modernidade vangardista, o poeta "deix'a súa vida detrás d'a porta ò saír ô agro do poema", como escribe[20] aludindo ao "recato" dos poetas novos daquela, que fuxían de calquera exceso sentimental, de calquera impudor afectivo. E, na mesma liña, decántase pola supresión da anécdota e do biografismo no poema[21]. No entanto, como tantas outras voces xeracionais, Otero Espasandín non conseguiu desancorarse da tradición do lirismo decimonónico e pouco hai no particular universo poético que constitúa novidade, que se afaste das estampas paisaxistas que con tanto éxito cultivou Amado Carballo[22].

[20] "Proel", por Luís AMADO CARBALLO, en *El Pueblo Gallego*, 18-agosto-1927, p. 1.
[21] *Ibidem*.
[22] Estampas que, no caso de Otero Espasandín, deixan entrever un certo latexo amoroso (quizais só un motivo poético), mentres que noutros intres están habitadas pola desesperanza e a soidade.

A vangarda en Otero Espasandín xorde puntualmente en mínimas doses. Así, por exemplo, a veta humorística en "Dos soutos da noite..." e o remate "matemático" e contrastivo da composición. Así tamén o visionarismo dalgunhas imaxes: "a túa boca morde/a boca queimada do planeta" e a novidade dalgúns elementos léxicos (hostia, tren, aceiro, microscopio, ecuación, pitagórico, radiograma, torso, orlado, écran, nicre, espasmo, etc.).

Na década dos anos corenta, xa no exilio, a voz do poeta non semella experimentar variacións; ao contrario, "Apuntes" (1943) amosa un lirismo popular felizmente recreado polo poeta cun delicado romance lírico. Estamos na liña neopopularista xa desenvolvida nos anos vinte e trinta. Lonxe da súa terra, porén, o poeta converte o paisaxismo non pouco estetizante en poesía da terra cunha certa intensidade evocativa que comunica ao seu interlocutor, o pico de Castrodiz, no poema do mesmo título, "Pico de Castrodiz" (1955). Xa nesta composición é ben perceptible a fonda presenza –reaparecida noutros poemas posteriores– de Antonio Machado, que orienta o ton sentimental, a rima, o ritmo e a actitude do eu lírico desta fermosa e emocionada composición. En fin, a procura de interlocutor torna en "Choiva de abril", na liña do anterior poema, liña reaberta en "Dolmen de Oleiros", texto cruzado pola nostalxia e a tristeza, pola dor da ausencia da terra e o baleiro do paso do tempo. Xunto con "Pontes do Lérez", este feixe de composicións configuran o lirismo máis entrañable, madurecido e auténtico, o máis interior do poeta que foi Otero Espasandín. Discreto poeta, certamente, sempre ao abeiro de voces alleas, sempre soñando co imposible regreso, desterrado da súa Galicia, ferido de melancolía e de saudade, coa memoria viva da terra perdida e a súa imaxe no corazón que soña:

> ¡Quezais un día, pontes da miña infancia,
> volva escoitar o merlo á vosa veira!...

2. XOSÉ OTERO ESPASANDÍN: LITERATURA E EXILIO[23]

Xosé Gregorio Ferreiro Fente

> "Fálame, Musa, daquel home [...] que tantísimo tempo andou errante [...]. O que tantos pobos viu e, de moitos homes, os costumes coñeceu; o que tantas angustias pasou sobre os mares, ó tratar de salva-la súa vida e chegar á terra de volta cos seus compañeiros. Mais, aínda así, con todo o seu gran desexo, non conseguiu preserva-la súa xente da ruína".
>
> (*Odisea*, I, 1-7)

O exilio republicano xurdido como consecuencia do alzamento militar de xullo de 1936 é considerado adoito, non sen fundamento, como "unha odisea tráxica". Quen comprendeu moi ben o significado e a magnitude desta traxedia foi Luís Seoane, traxedia que soubo interpretar desde a súa dobre condición de exiliado e intelectual verdadeiro. Nunha carta datada en Bos Aires o 30 de agosto de 1947, Luís Seoane dicíalle a Aquilino Iglesia Alvariño:

> No desear salir jamás de una tierra que se ama y tener que estar a la fuerza lejos de ella, en una extraordinaria Babel de la estupidez universal, constituye una tremenda desdicha. Estar lejos de los que se tienen, al igual que uno, como soldados de la misma causa espiritual y trabajar lejos sin una finalidad clara y precisa y, en el caso de los que somos pintores como Colmeiro y yo y los que están en otras partes, al margen de los elementos de esa realidad, pintando y dibujando del recuerdo, sin nada más que esta facultad que el instinto y las cualidades o defecto atávicos que apoyen

[23] Este artigo foi presentado como colaboración ao I Congreso Internacional: O Exilio Galego, 24-29 de setembro de 2001. Arquivo da Emigración Galega. Consello da Cultura Galega.

nuestra obra y que nos unan a los que ahí trabajan habiendo soñado algún día formar parte de un gran movimiento intelectual que abarque todas las ramas del arte creador de nuestra tierra, es una gran desgracia.

Nestas páxinas, imos revivir a historia tráxica e odiseica de Xosé Roxelio Otero Espasandín, historia que pretendemos contar apoiándonos, fundamentalmente, en documentos epistolares tanto éditos coma inéditos, do propio protagonista[24], así como en testemuños escritos de compañeiros que, aquí e alá, compartiron con el a experiencia do exilio. Prescindiremos, ata onde nos sexa posible, de toda referencia ao Otero Espasandín galeguista, republicano, poeta, mestre, misioneiro pedagóxico, xornalista ou soldado anterior á saída de España, xa que nós, aquí e agora, unicamente lle imos prestar atención ao personaxe exiliado[25].

Xosé Otero Espasandín en Francia e nas Illas Británicas: a guerra que non cesa

Para nós, polo tanto, a historia de Xosé Roxelio Otero Espasandín comeza en Francia nos primeiros días de febreiro de 1939, cando, despois de cruzar a fronteira co Exército do Leste, é internado, xunto con outros corenta mil republicanos españois, entre eles non poucos galegos, no campo de concentración de Saint-Cyprien. Ao contrario que para a inmensa maioría dos pri-

[24] Agradézolle moi sinceramente a dona Maruxa Fernández de Seoane a cortesía de me permitir consultar o epistolario familiar, consulta na que se basea, en boa medida, este traballo. Máis grazas a ela por me obsequiar tamén coa súa cordialidade.

[25] Para a etapa anterior –e non só– poden verse, ademais das páxinas anteriores do presente volume, entre outros, os artigos de Dionisio Pereira, "Xosé Otero Espasandín: no centenario dun desterrado galego", *A Nosa Terra*, 963, 2000, pp. 30-31; de Xosé Anxo García López, "Un poema para dous aniversarios: Otero Espasandín canta a Amado Carballo", *Dorna*, 27, 2001, pp. 137-149; e de Anxo Serafín Porto Ucha, "Historias de vida (VIII): Xosé Roxelio Otero Espasandín", *A Peneira*, 1ª quincena agosto 2001, p. 36.

sioneiros, para el e para un nutrido número de intelectuais a penosa experiencia do confinamento duraría relativamente pouco, apenas uns 15 días, mercé ás xestións dun comité da Alianza de Intelectuais Franceses creado *ad hoc*[26]. Tras a liberación, inicia sen dilación a viaxe cara ás Illas Británicas, onde o agardan a súa filla de cinco anos, a súa muller, Alicia Ortiz Alonso, residente alí desde o outono de 1938, e tamén a súa cuñada, Elena Ortiz Alonso, naquel momento funcionaria da Embaixada de España en Londres, a quen, por esta circunstancia, lle debe ser atribuído, con toda seguridade, o mérito de que Otero Espasandín obtivese tan axiña o visado de entrada no país. Finalmente, o día 28 de febreiro chega a Londres e, dous días despois, a Norwich, unha pequena cidade situada ao leste de Inglaterra, na que a súa muller traballaba de profesora de español nun colexio. Transcorridos algúns días, Alicia Ortiz comunícalle por carta a Carmen Muñoz a impresión que lle causa o seu marido:

> Encuentro a Ote [hipocorístico co que era denominado familiarmente Otero Espasandín] no tan mal como pensé, pero no muy bien tampoco. Está delgado, envejecido y sobre todo con una falta de memoria y de concentración aterradoras. Espero que poco a poco se le irá pasando, de momento me asusta un poco[27].

Otero Espasandín, porén, non atoparía en Norwich a conxuntura propicia para reporse das laceracións físicas e espirituais producidas pola guerra e o campo de concentración, para superar o desconsolo derivado da derrota e o exilio e para agardar por

[26] Nunha carta dirixida a Rafael DIESTE o 8 de marzo de 1939, recrimínalle ao seu amigo "haber sido olvidado en esa carta en que se expresa la gratitud del grupo al Comité que nos sacó del campo" (vid. Xosé Luís AXEITOS, "Dos arquivos de Rafael Dieste: Cartas de Otero Espasandín, Elena e Alicia a Rafael Dieste e Carmen Muñoz", *Boletín Galego de Literatura*, 11, 1994, p. 100). Hai quen di –Carmen Muñoz, Antonio Sánchez Barbudo– que foi grazas a un grupo de cuáqueros ingleses que os intelectuais lograron saír do campo de concentración.

[27] *Ibidem*, p. 102.

un mañá máis esperanzado. A crónica familiar deste difícil momento énos facilmente reconstruíble hoxe grazas ás cartas –editadas hai xa varios anos por Xosé Luís Axeitos[28]– que lle remite a Rafael Dieste e a Carmen Muñoz, cartas que son, ao principio, expresión dunha existencia adversa e, máis tarde, unha reiterada chamada de socorro. Desta forma tan dramática lle expresaba Alicia Ortiz a súa angustia a Carmen Muñoz:

> ¿Te acuerdas de la bomba que cayó en mi casa el 17 de mayo del año pasado? Fue una lástima haber escapado con vida ¿no crees? Ya que no sucedió no hay más remedio que afrontar las circunstancias[29].

A Otero Espasandín non se lle permite, pola súa condición de refuxiado, que realice ningunha actividade remunerada, e Alicia apenas gaña coa actividade docente, que a ocupa días e madrugadas, o suficiente para o sustento da familia. "Yo, si las cosas se ponen mal me marcho a Australia con un grupo de niños vascos para dedicarme a la ganadería y a la agricultura", diralle Otero Espasandín nunha das cartas a Rafael Dieste[30]; "Ote está estudiando ingeniero electricista gracias a unos amigos que nos ayudan a pagar los estudios", escribiralle Alicia Ortiz a Carmen Muñoz[31]. E é que cada día que pasa, a supervivencia resulta para eles máis difícil: Elena que, como consecuencia do recoñecemento británico do novo goberno de España, perde o seu traballo na embaixada, vese obrigada a trasladar o seu domicilio á

[28] "Dos arquivos de Rafael Dieste: Cartas de Otero Espasandín, Elena e Alicia a Rafael Dieste e Carmen Muñoz", en *Boletín Galego de Literatura*, 11, 1994, pp. 99-103; "Dos arquivos de Rafael Dieste: cartas de Otero Espasandín e Alicia Ortiz ós Dieste e a Carmen Muñoz", en *Boletín Galego de Literatura*, 12, 1994, pp. 115-122; "Dos arquivos de Rafael Dieste: cartas de Otero Espasandín ós Dieste", en *Boletín Galego de Literatura*, 13, 1995, pp. 127-133 e reproducidas no 'Apéndice' deste volume.

[29] X. L. AXEITOS, art. cit., en *Boletín*..., 11, 1994, p. 102.

[30] *Ibídem*, p. 103

[31] X. L. AXEITOS, art. cit., en *Boletín*..., 12, 1994, p. 120.

casa da súa irmá en Norwich; os pais de ambas viven na miseria en Madrid, e Alicia, froito de todos estes infortunios e das humillacións, que tampouco faltan, cae enferma. Nunha carta datada en xuño de 1940, Otero Espasandín dille a Rafael Dieste:

> Alicia sigue enferma y la situación, como consecuencia, es calamitosa. Estoy dispuesto a trabajar de peón, que es para lo único que se me autoriza [...] Comprenderéis, pues, el patetismo dado a mis gestiones; no obstante lo cual me veo forzado a ponerme de nuevo en vuestras manos[32].

Mentres todo isto ocorre, as persoas do exilio en América, cos Dieste á cabeza[33], fan o imposible para lograr a saída de Otero Espasandín e mais da súa familia da illa, a poder ser cara á Arxentina. Cumpría darse présa, pois había xa algúns meses que o monstro da guerra campaba por Europa e as Illas Británicas eran, nese momento, un dos obxectivos estratéxicos da aviación nazi. Otero Espasandín e a súa familia morarán, a partir de entón, en Londres, tras ser declarada Norwich zona de residencia prohibida. Estando así as cousas, o 21 de agosto de 1940 Otero Espasandín envíalle unha nova misiva a Rafael Dieste:

> Económicamente, seguimos peor cada día. Ahora vivimos en casa de una amiga. Alicia está peor a consecuencia de nuestras constantes humillaciones y desencantos. Cuqui [a filla] está perpleja con las alarmas y sospecha que todo es una repetición de lo de España[34].

Transcorren algúns meses aínda ata que, por fin, as xestións de Rafael Dieste parece que dan resultado: Otero Espasandín xa ten un contrato de traballo e o preceptivo permiso de inmigra-

[32] X. L. AXEITOS, art. cit., en *Boletín*..., 13, 1995, p. 130.

[33] Nunha das cartas pódese ler: "No sabes lo que os agradecemos, tanto a vosotros, como a Eduardo [Dieste], [Antonio] Baltar y Colmeiro, el interés que os tomáis por nosotros" (vid. X. L. AXEITOS, art. cit., en *Boletín*..., 12, 1994, p. 117).

[34] X. L. AXEITOS, art. cit., en *Boletín*..., 13, 1995, p. 132.

ción para entrar na Arxentina. En marzo de 1941, el, Alicia e a filla de ambos chegan ao porto de Bos Aires tras unha longa e penosa travesía, na que a tripulación do barco se viu obrigada a circundar todo o océano Atlántico para evitar os submarinos alemáns[35].

Xosé Otero Espasandín en Buenos Aires: enciclopedismo *pro pane lucrando*

> Nadie puede saber cuanta amistad y solidaridad existió entre Dieste, Otero Espasandín, Colmeiro, Varela y yo [Luís Seoane], durante nuestra coincidencia de muchos años de Bos Aires, trabajando juntos, levantando castillos en el aire; de cuanto hicimos juntos por Galicia y cuanto sacrificamos de nuestra vida en estas cuestiones. Fuimos verdaderos hermanos[36].

Nesta atmosfera de irmandade, a do espírito do Café Tortoni, será na que respire e grazas á que sobreviva Otero Espasandín durante os seis anos e cinco meses que residirá en Bos Aires[37]. E é que, se ben lograra fuxir da guerra tirana que con tanta insistencia o perseguía, aínda tería que protagonizar un dos lances de maior heroísmo que entre os obreiros da tinta e o papel se teñan dado.

En efecto, non ben arriba a Bos Aires, Otero Espasandín pasa a formar parte do cadro de autores da Editorial Atlántida –o mesmo traballo que lle permitira entrar como inmigrante na Arxentina–, editorial na que Rafael Dieste, o seu director litera-

[35] Vid. Carmen Muñoz, "Muerte de un gallego ejemplar", *La Voz de Galicia* no suplemento *Cuaderno de Cultura,* do 19 de novembro de 1987.

[36] Carta de Luís Seoane a Isaac Díaz Pardo, datada en Bos Aires, o 14 de decembro de 1978. Case a totalidade da mesma, pero non este fragmento, aparece recollida en Xesús Alonso Montero, *As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luís Seoane*, Vigo: Xerais, 1994, pp. 243-245.

[37] Durante a súa estadía en Bos Aires, Otero Espasandín morará, primeiro, nun apartamento do 3.º andar do edificio nº 243 da rúa Brasil e, máis tarde, no apartamento n.º 7 do 1940 da rúa Vidal.

rio, aspiraba a crear unha nova colección desde algún tempo atrás. Coincide, deste xeito, a incorporación de Otero Espasandín a Atlántida co nacemento da Biblioteca Billiken. Colección Oro, que anos despois pasaría a chamarse Colección Oro de Cultura General[38]. Espasandín será, durante arredor de dous anos, o único autor dunha colección baixo o nome da cal publicaría, nese período de tempo, catorce libros, os primeiros catorce libros da colección: tres, en 1941 –lémbrese que chega a Bos Aires o mes de agosto deste ano–; cinco, en 1942; e, en 1943, seis, aos que hai que engadir dous máis, os correspondentes aos números 19 e 23 da colección. Ese mesmo ano, 1943, publicaría aínda un noveno libro –*La Antártida, como mito y como realidad*– na tamén bonaerense Editorial Pleamar. Non é preciso dicir que a Otero Espasandín ha de traballar día e noite co fin de satisfacer unhas condicións contractuais leoninas, impostas polos donos da empresa, que lle esixen ter preparado, cada mes, un libro de temática diferente (bioloxía, zooloxía, xeografía, astronomía, mitoloxía, etc.), do que cede todos os dereitos de autor e polo que cobra 300 módicos pesos arxentinos[39]. Estes libros, ademais, debían responder a unhas esixencias de estrutura, estilo e espírito, esbozadas por Rafael Dieste, nada doadas de lograr, pero que a el, un home formado, en parte, á luz da Institución Libre de Enseñanza, lle non deberon resultar estrañas:

> [...] un libro de divulgación que no exija para ser entendido conocimientos especiales ni más hábito literario que el de leer una revista no literaria. Sin embargo, el libro debe ser bonito, noble,

[38] Segundo Carmen MUÑOZ MANZANO, Rafael DIESTE proxectara esta colección "con la mira de que, cumpliendo dignamente su destino, pudiese dar trabajo a los escritores españoles exiliados [...]" (Vid. Carmen MUÑOZ, "José Otero Espasandín", en José OTERO ESPASANDÍN, *Cuentos que me contó Dieste*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1984, p. 7).

[39] Vid. Luís REI NÚÑEZ, *A travesía dun século. Biografía de Rafael Dieste*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1994, 2ª ed., pp. 112-113.

como una buena conferencia de Misiones que pudiese escuchar con gusto cualquiera de los misioneros además del público[40].

En 1944 Otero Espasandín, posiblemente exhausto, non dá ao prelo máis ca un único libro da súa autoría, pero si as traducións desde o inglés ao español de cadansúa obra de Fred L. Whipple e William Marshal Smart[41].

En calquera caso, desde 1945, ano no que prosegue a colaboración con Atlántida, ata 1947, en que abandona Bos Aires, aínda publicaría neste selo editorial, baixo o seu nome ou o de pseudónimos como Roger Moulin e Norman Beechdale, oito libros máis. En total, Otero Espasandín daría á luz como autor, nos cinco anos e algúns meses durante os que reside en Bos Aires, vinte e seis títulos[42], sen contar os outros cinco dos que foi tradutor. Non entran neste cómputo nin unha monografía sobre o pintor Colmeiro, que quedou inédita, nin os prólogos[43], nin as máis dun cento de colaboracións entre artigos, ensaios, notas e noticias editoriais e culturais que publica en xornais e revistas como *Pensamiento Español*, *Saber Vivir*, *Argentina Libre*, *La Nación*, *Sur*[44] ou *Alfar* (Montevideo); en proxectos editoriais da colectividade exiliada como *De Mar a Mar*, *Correo Literario* e *Cabalgata*; ou nas revistas *Galicia* tanto da Federación de Sociedades Galegas coma do Centro Gallego de Bos Aires[45], sendo

[40] Rafael DIESTE, *Obras completas, Tomo V: Epistolario*, edición ao coidado de Xosé Luís AXEITOS, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1995, p. 185.

[41] Sospeito que no labor de tradución estivo auxiliado por Alicia ORTIZ, mellor coñecedora da lingua inglesa ca el.

[42] Con posterioridade á súa saída cara aos EE.UU., aínda publicaría catro libros máis na Editorial Atlántida, o último deles en 1952.

[43] Cómpre citar o titulado "Noticia", en Fray Martín SARMIENTO, *Estudio sobre el origen y formación de la lengua gallega*, Bos Aires: Editorial Nova, Colección Camino de Santiago, 2, 1943.

[44] Que eu saiba, nesta revista só publicou o artigo "A propósito de un libro de Rafael Dieste: *Viaje, Duelo y Perdición*. Breve exégesis de Don Frontán" (n.º 140, 1946).

[45] Nestas dúas revistas da colectividade emigrada colaborou pouco. Na revista da Federación só se recollen poemas e textos da etapa republicana. Na do Centro

nesta última na que, en maio de 1943, publica "Apuntes", un poema en galego non editado nunca con posterioridade a esta data, malia que pode ser considerado como unha das poucas incursións do seu autor no campo da poesía desde os anos da II República.

Así pois, non é de estrañar que o propio Ramón Otero Pedrayo acabe marabillado cando, en 1947, viaxa a Bos Aires e coñece o colosal labor realizado por Otero Espasandín.

> Vai ser dificultoso o estabrecimento da compreta bibliografía de Otero Espasandín, como il non a deixe feita. Iso pedía no seu tempo o P. M. Martín Sarmiento, pra librar de angueira –ou de pracer– ós eruditos de despois. As culturas mesopotámicas, os paxaros da selva, a historia das teorías atómicas, o "acmé" da cultura helénica, os tempos da historia do conquerimento dos polos... son das materias traballadas con tino, metódica seguranza, e un senso de respeto á cencia e ó leutor, que desminte a verdade do vello "compendia sunt dispendia", por Otero Espasandín en volumes rexos, pan bregado que pide dente seguro.

Con todo, por aquelas datas a colectividade exiliada en Bos Aires vivía, talvez, os peores momentos do desterro. Disipada calquera esperanza nun retorno inmediato, son moi poucas as razóns que os reteñen nun país que, con Perón xa no poder, ofrece cada día que pasa menos expectativas ilusionantes e maiores argumentos para o abatemento. Otero Espasandín, ademais, encaraba como podía as disputas que existían dentro da editorial Atlántida, derivadas, en boa medida, dos problemas económicos

Galego, que dirixía Luís SEOANE, aparecen, pola contra, algúns textos novos, como o poema "Apuntes" e os artigos "Pájaros y recuerdos de Galicia" (n.º 399) e "Galicia: agua y pájaros" (n.º 411), cos que gaña o segundo premio –o primeiro outorgaríaselle a Arturo CUADRADO– do concurso literario organizado por esta institución societaria correspondente ao ano 1945. Os 250 pesos arxentinos cos que estaba dotado o premio recibiríaos OTERO ESPASANDÍN en marzo de 1947, pouco antes de saír cara aos EE.UU.

polos que pasaba a empresa. Estando así as cousas, o 26 de maio de 1947 Luís Seoane dicíalle por carta a Francisco Fernández del Riego:

> [Lorenzo Varela] Ahora marcha a Estados Unidos. También marcha a ese país Otero Espasandín de Jefe de Sección de Lengua y Literatura castellana de una universidad. Por mi parte, estoy esperando poder hacer ese mismo viaje.

Dous meses despois, exactamente o 22 de agosto, Otero Espasandín con toda a familia embarca no porto de Bos Aires con destino aos Estados Unidos. Luís Seoane relátalle a Lorenzo Varela[46] con estas palabras o momento da despedida:

> El domingo pasado embarcó para EE.UU., para hacerse cargo de la cátedra que le concedieron. No te puedo describir la alegría de Espasandín, Alicia y Cuqui y la tristeza de los que quedamos. Estuvimos en el barco –un barco de carga noruego con retratos de los armadores, una estufa de leña imitada con lámparas eléctricas y flores artificiales– Dieste y Carmen, Colmeiro y Emilia, Baltar y Mireya, Maruja y yo y dos norteamericanos amigos de Alicia que desentonaban entre nosotros. La misma gente que le esperó fue a despedirle; ellos no aceptaron el banquete de trámite con que se despide a los que se van de este país. Lo tremendo de todas estas marchas es que no sabemos cuando volveremos a vernos ni si volveremos a vernos jamás. Los que emigran tienen un país de referencia: Galicia, España o el que sea, a donde esperan volver algún día para encontrarse con los suyos, sus amigos. Nosotros no tenemos ni esto, Prieto, la política y todos se encargaron de que ese país no exista para nosotros[47].

Nove anos despois, Luís Seoane ofreceríalle, na súa pluma e a través das páxinas da revista *Galicia Emigrante*, un recoñecemento público:

[46] Por aquelas datas, Lorenzo VARELA atopábase en Uruguai.
[47] Carta sen data, pero que podemos situar entre o 22 e o 28 de agosto de 1947.

> Llegado a Buenos Aires alrededor de 1941, realizó en seis o siete años una labor enciclopédica sin igual en este país hasta nuestros días. [...] Pocos escritores de este idioma han realizado en tan breve espacio de tiempo una labor semejante[48].

XOSÉ OTERO ESPASANDÍN NOS EE.UU.: NA COVA DA DEUSA CALIPSO

> Buenos Aires ha sido muy duro para mí, y me quedan muchos recuerdos dolorosos de él, en parte debidos a mi carácter, en parte a las estrecheces que tuve que afrontar[49].

A piques de cumprir 48 anos de idade, e perdida xa a confianza nun regreso a España, Otero Espasandín abandona en agosto de 1947 a Arxentina con rumbo aos Estados Unidos de América co propósito de incorporar á súa vida o sosego que se lle viña negando desde había máis de dez anos. O destino sería Waynesburg, unha pequena vila de pouco máis de cinco mil habitantes situada no estado de Pennsylvania, onde se ocupará do Departamento de Español dun instituto de educación secundaria. Alí, certamente, lograría alcanzar algunhas das súa maiores aspiracións –retorno ao exercicio da docencia, reencontro coa tan ansiada natureza–, pero non fuxir á sorte do exiliado:

> Hoy mismo Alicia [...] me decía cuánto echa de menos esos contados amigos de Buenos Aires donde uno se explayaba a sus anchas, dejando volar corazón y cabeza atolondradamente sin temor de ser incomprendidos simplemente porque un mundo común nos ligaba y unas esperanzas comunes nos sostenían. Aquí no se encuentra esta comprensión sencillamente porque nuestro mundo es un enigma para todos[50].

[48] *Galicia Emigrante*, 22, 1956, pp. 18-19.
[49] Carta a Luís SEOANE do 15 de xaneiro de 1972.
[50] Carta a Luís SEOANE do 13 de decembro de 1948.

Por esta razón, porque compartían un mesmo universo de ilusións e esperanzas, o contacto entre os Espasandín e os amigos exiliados en Bos Aires manteríase aceso a través dunha relación epistolar que se conservaría activa, con espazos máis ou menos longos de silencio, ata o final das súas vidas, pese a que nunca máis volverían verse. Precisamente aquí, nestas cartas, batemos novamente coa figura sen parangón de Luís Seoane, obstinado en tirar o mellor de cada unha destas vidas errantes en proveito da causa de Galicia. Así, en todas e cada unha das cartas que lle dirixe, lémbralle a Otero Espasandín o compromiso adquirido con el de volver escribir poemas en galego, actividade que tiña case esquecida desde antes da guerra. Porén, a resposta deste, sen outros froitos, é sempre a mesma, da que pode servir como exemplo a que lle dá o 26 de febreiro de 1959:

> Voy a recoger todos mis papeles, poner en orden algunos poemas y otros escritos esporádicos, y ponerme a escribir. Desde mi salida de Buenos Aires tengo muy presente que te debo un libro de versos en gallego, y estoy determinado como siempre a cumplir mi palabra..., si bien en este caso importa más que cumplirla, cumplirla bien.

Quen si lograra arrincar de Otero Espasandín, bastantes anos antes, algúns poemas fora Francisco Fernández del Riego. En efecto, Del Riego, por medio dunha carta que lle remite, probablemente, a comezos de 1949, consegue que Otero Espasandín[51] en sucesivos envíos lle entregue seis poemas[52], os cales verían a luz na súa *Escolma de Poesía Galega*, editada en 1955[53].

[51] Reproducimos no 'Apéndice' desta edición as cartas que de OTERO ESPASANDÍN recibe como resposta FERNÁNDEZ DEL RIEGO.

[52] Estes poemas foran escritos entre febreiro de 1942 –"Pico de Castrodiz"– e novembro de 1951 –"Dolmen de Oleiros"–. Só o primeiro pertence á etapa bonaerense; os cinco restantes, á norteamericana. Cómpre indicar tamén que o poema "Serán" aparecería publicado, por achega de F. FERNÁNDEZ DEL RIEGO, no nº 6 da revista *Alba*, 1950; polo tanto, tres anos antes ca na *Escolma*.

[53] Tempo despois de pronunciada esta conferencia, por medio do profesor Xesús ALONSO MONTERO, souben da existencia da antoloxía de Enrique AZCOAGA:

A finais de 1953, por causa dunha grave enfermidade que sofre a súa muller, Otero Espasandín deixa Waynesburg e trasllada o seu lugar de residencia a Washington. En verdade, a familia non vivía en Waynesburg momentos especialmente felices desde había xa algún tempo, como lle expresa a Fernández del Riego nunha carta de setembro de 1952.

> A todas las causas de desencanto de este momento histórico que nos toca vivir, se ha de añadir en este caso enfermedades de familia, falta de amigos capaces de entender el mundo con un mínimo de objetividad y, sobre todo, con ese mínimo de reverencia por los valores que dan a la historia su sentido y al hombre su razón de vivir[54].

En Washington traballará como editor do boletín da Organización Panamericana da Saúde, organismo dependente da OMS. Cerca xa da xubilación, en 1965, pregúntalle a Rafael Dieste sobre a situación económica de España –canto custa un traxe, un billete de tren e cuestións deste tipo– co ánimo, moi seguramente, de regresar[55]. En xaneiro de 1966 coméntalle a Luís Seoane:

> Nosotros pensamos dar uno de estos próximos días el salto a Lisboa. Me he jubilado, tenemos que vivir de una pequeña pensión y hemos decidido ir a ver si nos basta para ir tirando [...]

Malia todo, Espasandín continuaría traballando ata finais de 1972, data definitiva da súa xubilación, no Departamento de Agricultura dos Estados Unidos, realizando labores de tradución

Panorama de la poesía moderna española, Bos Aires, Editorial Periplo, 1953. Nela recóllense, nas páxinas 86 e 87, tres poemas de OTERO ESPASANDÍN: "A lúa siguente", "Pico de Castrodiz" e "Serán".

[54] Carta a FERNÁNDEZ DEL RIEGO, 16 de setembro de 1952.

[55] A resposta de Rafael DIESTE é do 9 de marzo de 1965 (vid. Rafael DIESTE, op. cit., pp. 651-52).

e edición, e dispensando clases de español na Escola de Graduados deste organismo. Ese mesmo ano, dille a Luís Seoane:

> Por mi parte, hace mucho que no escribo una línea "mía". He trabajado y sigo trabajando mucho para hacer frente a la pura necesidad. Leo todo lo que puedo, pero no mucho. Quisiera hacer un viaje a un país de habla española para adquirir ciertas obras. Los Dieste nos invitaron a pasar unas semanas con ellos en Rianjo el verano próximo, pero antes que a Rianjo, pese a lo que me gusta, iríamos a Bruselas y tal vez a Barcelona. No sé aún si este verano. [...] Escríbeme. Mándame algún libro en gallego que encuentres por ahí.

Da relación epistolar que mantén con Luís Seoane durante estes anos dedúcese que Otero Espasandín é xa un home espiritualmente afastado das persoas e dos lugares antano queridos. De feito, desde o casamento da súa filla cun diplomático realizaría varias viaxes a distintas cidades de Europa, entre elas Lisboa, pero nunca pousaría os pés nin en Galicia nin en España. Os derradeiros contactos con Galicia, sempre desde a distancia, estableceríaos con motivo do pasamento de Rafael Dieste, ocorrido o 15 outubro de 1981. A modo de homenaxe ao seu querido amigo, escribe un poema[56] e un artigo[57] en galego, e un pequeno libro de contos[58], este en español.

Outro 15 de outubro, o do ano 1987, morre Xosé Roxelio Otero Espasandín en Washington, lonxe de Galicia, "donde echamos raíces y acariciamos esperanzas, por lo que a mi toca, no cumplidas"[59].

X. G. F. F.

[56] "Pranto in memoriam de Rafael Dieste" en *Grial. Revista Galega de Cultura*, nº 75, 1982, pp. 71-72.

[57] "Apoloxía de Rafael Dieste", *Grial* 78 (monográfico en lembranza de Rafael Dieste), 1982, 470-474. Este artigo aparecería tamén en VV.AA., *Rafael Dieste: un creador total*, Vigo: Galaxia, Colección Agra Aberta, 1995

[58] *Cuentos que me contó Dieste*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1984.

[59] Carta a Luís SEOANE do 25 de abril de 1978.

3. CRITERIOS DE EDICIÓN

Reunimos neste volume a obra galega de Xosé Otero Espasandín que, non é, se cadra, a súa obra completa en galego porque sen dúbida, por unha banda, algúns dos seus textos poden estar aínda á espera de ser rescatados das páxinas dalgunha revista ou xornal –dos moitos nos que colaborou ao longo da súa vida– e, pola outra, porque quizais un día aparezan os desaparecidos poemas que habían de formar parte do poemario *Alfabeto*. Con todo, recollemos aquí a mostra máis completa de todos os seus poemas e mais das súas prosas que ata o día de hoxe se publicara.

Reproducimos tanto os poemas como os varios artigos sen intervir no texto; isto é, tal e como foron publicados nas diferentes páxinas de prensa de onde os recollemos.

Ademais, inserimos a modo de apéndice varias das súas cartas, algunhas, como a correspondencia cos irmáns Dieste e Carmen Muñoz, xa editadas –neste caso concreto por Xosé Luís Axeitos en varias entregas no *Boletín Galego de Literatura*[60] e mais por María Díaz Rey[61]– e outras inéditas ata este momento, entre as que sobrancean as que intercambiou con Francisco Fernández del Riego[62]. Incluímos tamén aquelas que dirixiu a algúns dos seus conveciños de Castro (Cerdedo) como Manuel Monteagudo Ruzo ou como Taboada e a súa filla Herminia, antigo

[60] AXEITOS, Xosé Luís: "Dos arquivos de Rafael Dieste: Carta de Xosé Otero Espasandín a Rafael Dieste", *Boletín Galego de Literatura* nº 10, 1993, pp. 89-94; "Dos arquivos de Rafael Dieste. Cartas de Otero Espasandín, Elena e Alicia a Rafael Dieste e Carmen Muñoz", *Boletín Galego de Literatura* nº 11, 1994, pp. 99-103; "Dos arquivos de Rafael Dieste. Cartas de Otero Espasandín e Alicia Ortiz ós Dieste e a Carmen Muñoz", *Boletín Galego de Literatura* nº 12, 1994, pp. 115-122, e "Dos arquivos de Rafael Dieste: cartas de Otero Espasandín ós Dieste", *Boletín Galego de Literatura* nº 13, 1995, pp. 127-133.

[61] María DÍAZ REY (ed.): *Antonio Baltar. O compromiso do exilio*, Sada – A Coruña, Ediciós do Castro, 2002, p. 236

[62] Depositadas na Fundación Penzol.

veciño de Castro que tamén emigrou aos Estados Unidos[63]. Estas últimas permítennos achegarnos un pouco máis á vida de Xosé Otero Espasandín, matemático, profesor e poeta que hoxe recupera nestas páxinas, por fin, parte do seu degorado *Alfabeto*.

[63] Estas chegaron a nós grazas á amable colaboración de Dionisio PEREIRA.

BIBLIOGRAFÍA



1. ACTIVA

EN GALEGO

1926

"Inquedanzas", en *El Pueblo Gallego*, 5 marzo 1926, p. 2.

"Literatura i-outras cousas", en *El Pueblo Gallego*, 15 maio 1926, p. 2.

"A roita dos pelegrinos", en *El Pueblo Gallego*, 4 xullo 1926, p. 1.

"Parábola", en *Nós,* nº 31, 25 xullo 1926, p. 35.

1927

"Coincidencias", en *Eco de Galicia*, nº 315, A Habana, xaneiro 1927 [asinado conxuntamente con Rafael Dieste]

"A Micro-Residencia", en *El Pueblo Gallego*, 18 xaneiro 1927, p. 2.

"Artigo pra mocedade", en *El Pueblo Gallego*, 1 marzo 1927, pp. 1-2.

"Incitaciós", en *El Pueblo Gallego*, 29 maio 1927, p. 11.

"Poemas", en *El Pueblo Gallego*, 19 xuño 1927, p. 11. Reproducido en *Eco de Galicia* (A Habana), nº 372, ano XVIII, 25 xullo 1934, p. 16.

"Campanario d'aldea", en *El Pueblo Gallego*, 24 xullo 1927, p. 2. Aparece traducido ao castelán por Julio Sigüenza, "Cam-

panario de aldea", en *Eco de Galicia* (A Habana) nº 333, ano XII, 1 abril 1928, pp. 15 e 22.

"*Proel*, por Luís Amado Carballo", en *El Pueblo Gallego*, 18 agosto 1927, p. 1.

"Paseo as miñas cábalas", en *El Pueblo Gallego*, 21 agosto 1927, p. 9.

"Dos soutos da noite", en *Nós* nº 46, 15 outono 1927, p. 1.

1928

"Poemas", en *Nós* nº 50, 15 febreiro 1928, p. 1. Reproducido en *Galiza*, nº 1, 1930, p. 2 e mais en *Eco de Galicia* (A Habana) nº 361, ano XIV, 17 setembro 1930, p. 10.

"Nova aportación â lírica galega", en *Nós* nº 51, 15 marzo 1928, p. 58.

"Sementeira", en *El Pueblo Gallego*, 4 setembro 1928, p. 2.

"DE CATRO A CATRO", por MANUEL ANTONIO, Editorial Nós, A Cruña, 1928, en "Os homes, os feitos, as verbas" de *Nós*, nº 58, 15 outubro 1928, pp. 190-191.[64]

"Limiar a *O Galo*", en Luís Amado Carballo, *O Galo*, Nós, 1928, p. 1.

1930

"Ti e mais eu soios", en carta sen datar, de 1930, de Otero Espasandín a Rafael Dieste en Xosé Luís Axeitos, "Dos arquivos de Rafael Dieste: Carta de Xosé Otero Espasandín a Rafael Dieste", *Boletín Galego de Literatura* nº 10, novembro, 1993, pp. 89-94.

"O teu quedo pisar, muller dos meus soñares", en carta sen datar, de 1930, de Otero Espasandín a Rafael Dieste en Xosé Luís Axeitos, "Dos arquivos de Rafael Dieste: Carta de Xosé Otero Espasandín a Rafael Dieste", *Boletín Galego de Literatura* nº 10, novembro, 1993, pp. 89-94.

[64] Reproducido en *La Noche*, 13-VII-1946.

1932

"A lúa sigueute...", en *Nós* nº 97, 15 xaneiro 1932, p. 1. Reproducido en Enrique Azcoaga: *Panorama de la Poesía moderna española*, Bos Aires, Editorial Periplo, 1953, p. 86.

"Na miña lista de noites...", en *Nós,* nº 102, 15 xuño 1932, p. 93.

1933

"Costa aberta", en *Universitarios. Revista de la F.U.E.* nº 2, xaneiro 1933, p. 10.

"Paisaxes da neve", en *Nós,* nº 116, 15 agosto 1933, p. 159.

1935

"Aldea do monte", en *Nós,* nº 139-144, xullo-nadal 1935, p. 125.

1938

"Reivindicacions galegas. A fala i-o home", en *Nova Galiza* (Barcelona) nº 15, 1 febreiro de 1938, p. 3.

"As promesas galegas: a nosa escola", en *Nova Galiza* (Barcelona) nº 14, 8 xaneiro de 1938, p. 4. Reproducido en *A Nosa Terra*, nº 457, novembro, 1947.

1943

"Apuntes", en *Galicia. Revista del Centro Gallego*, 364, maio 1943, p. 23.

1950

"Seran", en *Alba,* nº 6, 1950. Reproducido en Enrique Azcoaga: *Panorama de la Poesía moderna española*, Bos Aires, Editorial Periplo, 1953, pp. 86-7, e en Francisco Fernández del Riego: *Escolma de poesía galega IV: Os contemporáneos*, Vigo, Galaxia, 1955, p. 143.

1953

"Pico de Castrodiz", en Enrique Azcoaga: *Panorama de la Poesía moderna española*, Bos Aires, Editorial Periplo, 1953,

pp. 86-7. Reproducido en Francisco Fernández del Riego: *Escolma de poesía galega IV: Os contemporáneos*, Vigo, Galixia, 1955, pp. 140-1.

1955

"Pontes do Lérez", en Francisco Fernández del Riego: *Escolma de poesía galega IV: Os contemporáneos*, Vigo, Galaxia, 1955, pp. 141-3.

"Choiva de abril", en Francisco Fernández del Riego: *Escolma de poesía galega IV: Os contemporáneos*, Vigo, Galaxia, 1955, pp. 144-5.

"Dolmen de Oleiros", en Francisco Fernández del Riego: *Escolma de poesía galega IV: Os contemporáneos*, Vigo, Galaxia, 1955, p. 145.

"Solpor", en Francisco Fernández del Riego: *Escolma de poesía galega IV: Os contemporáneos*, Vigo, Galaxia, 1955, 146.

1982

"Pranto in memoriam de Rafael Dieste", en *Grial. Revista Galega de Cultura*, nº 75, 1982, pp. 71-72.

"Apoloxía de Rafael Dieste", en *Grial. Revista Galega de Cultura*, nº 78, 1982, pp. 470-474.

EN CASTELÁN [65]

Libros

Maravillas de las regiones polares, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken. Colección Oro, 1, 1941 [2ª ed., 1944].

[65] Recollemos aquí os libros e as traducións, en castelán, das que foi autor OTERO ESPASANDÍN. Quedan fóra desta bibliografía posiblemente algúns libros –a relación non é exhaustiva, sospeitamos– e todos os textos aparecidos en máis dunha decena de xornais e revistas.

La civilización del Nilo, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken. Colección Oro, 2, 1941 [2ª ed., 1944].

Pobladores del mar, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken. Colección Oro, 3, 1941 [2ª ed., 1944].

Prodigios de las aves, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken. Colección Oro, 4, 1942 [2ª ed., 1944].

Los seres microscópicos, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken. Colección Oro, 5, 1942 [2ª ed., 1945].

Gigantes marinos, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken. Colección Oro, 6, 1942 [2ª ed., 1945].

El cortejo solar, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken. Colección Oro, 7, 1942 [2ª ed., 1945].

Un paseo por el cielo, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken. Colección Oro, 8, 1942 [2ª ed., 1945].

Sociedades de insectos, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken. Colección Oro, 9-9 bis (volume dobre), 1943 [2ª ed., 1946].

Narraciones mitológicas, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken. Colección Oro, 10, 1943.

La Grecia heróica, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken. Colección Oro, 11, 1943 [2ª ed., 1946].

La Grecia clásica, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken. Colección Oro, 12, 1943 [2ª ed., 1946].

Roma: la república, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken. Colección Oro, 13, 1943.

Roma: el imperio, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken. Colección Oro, 14, 1943.

Prodigios de las plantas, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken. Colección Oro, 19, 1943.

Nuestro planeta, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken. Colección Oro, 23, 1943 [2ª ed., 1951].

La Antártida, como mito y como realidad, Buenos Aires: Editorial Pleamar, Biblioteca Conocimiento, 1943.

El deporte griego, Buenos Aires: Editorial Pleamar, Biblioteca Conocimiento, 1944.

Los átomos desde los griegos hasta nuestros días, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Colección Oro de Cultura General, 81-82 (volume dobre), 1945.

La civilización mesopotámica, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Colección Oro de Cultura General, 86-87 (volume dobre), 1945.

Animales viajeros, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Colección Oro de Cultura General, 97, 1945.

El mundo de los reptiles, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Colección Oro de Cultura General, 98-99 (volume dobre), 1946.

(Roger Moulin, pseudónimo) *La atmósfera inquieta*, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Colección Oro de Cultura General, 1946.

(Norman Beechdale, pseudónimo) *Riesgos y promesa de la ciencia*, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Colección Oro de Cultura General, 1946.

Sociedades de insectos, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Colección Oro de Cultura General, 1946.

El gran tablero de la política mundial, Buenos Aires: Editorial Atlántida, 1947.

Historia de la educación, Buenos Aires: Editorial Atlántida, 1948.

Roma, la República y el Imperio, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Colección Oro de Cultura General, 1949.

Los grandes ríos, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Colección Oro de Cultura General, 1950

Grecia heroica y clásica, Buenos Aires: Editorial Atlántida, Colección Oro de Cultura General, 11-12 (volume dobre),1952.

Cuentos que me contó Dieste, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, Colección Narrativa, 1984.

Traducións

WHIPPLE, Fred L., *Tierra, luna y planetas*, Buenos Aires: Editorial Pleamar, 1944 [Tradución de José Otero Espasandín].

SMART, William Marshal, *La astronomía al día*, Buenos Aires: Editorial Abril, Serie La Marcha del Progreso, 1944 [Tradución de J. Otero Espasandín].

NETTLESHIP, Richard L., *La educación del hombre según Platón*, Buenos Aires: Editorial Atlántida, 1945 [Tradución e estudo preliminar de José Otero Espasandín].

ALLCOTT, Arnold e BOLTON, H. S., *La química al día*, Buenos Aires: Nova, 1945 [Tradución de José Otero Espasandín].

LASKI, Harold Joseph, *Reflexiones sobre la revolución de nuestro tiempo*, Buenos Aires: Editorial Abril, Colección Guerra y Paz, 3ª ed., 1946 [Tradución de José Otero Espasandín].

2. PASIVA

ALONSO MONTERO, Xesús: *As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luís Seoane*, Vigo: Xerais, 1994.

_____: *Lingua e literatura galegas na Galicia Emigrante*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1995.

AMO, Julián del e Charmion SHELBY: "José Otero Espasandín" en *Obra impresa de los intelectuales españoles en América (1936-1945)*, Madrid, Asociación Española de Archiveros, Bibliotecarios, Museólogos y Documentalistas, 1950, pp. 85-86.

AXEITOS, Xosé Luís: "Dos arquivos de Rafael Dieste: Carta de Xosé Otero Espasandín a Rafael Dieste", *Boletín Galego de Literatura* nº 10, 1993, pp. 89-94.

_____: "Dos arquivos de Rafael Dieste. Cartas de Otero Espasandín, Elena e Alicia a Rafael Dieste e Carmen Muñoz", *Boletín Galego de Literatura* nº 11, 1994, pp. 99-103.

_____: "Dos arquivos de Rafael Dieste. Cartas de Otero Espasandín e Alicia Ortiz ós Dieste e a Carmen Muñoz", *Boletín Galego de Literatura* nº 12, 1994, pp. 115-122.

_____: "Dos arquivos de Rafael Dieste: cartas de Otero Espasandín ós Dieste", *Boletín Galego de Literatura* nº 13, 1995, pp. 127-133.

_____: "A revista *P.A.N.*" en facsímile de *P.A.N. Revista epistolar y e ensayos*, Sada – A Coruña, Ediciós do Castro, 1995, pp. 3-11.

AXEITOS, Xosé Luís (ed.): *Rafael Dieste. Obras completas. Epistolario*, tomo V, Sada – A Coruña, Ediciós do Castro, 1995.[66]

AXEITOS, Xosé Luís e Xavier SEOANE (coord.): *Luís Seoane e o libro galego na Arxentina (1937-1978)*, A Coruña, Deputación da Coruña, 1994.

AZCOAGA, Enrique: *Panorama de la poesía moderna española,* Bos Aires, Editorial Periplo, 1953.

BOUZA BREY, Fermín: "Lembranzas e segredos do *Nós* e mais eu", VV.AA., *Cincuentenario de Nós. Boletín mensual da Cultura Galega (1920-1970). Homenaxe da Real Academia Galega*, 30 outubro 1970, p. 25.

BREA REY, Xosé Ramón: "*Charamuscas*, a revista de Rafael Dieste na guerra de África", *Boletín Galego de Literatura* nº 13, maio, 1995, pp. 39-50.

[66] Recolle vinte cartas de DIESTE a ESPASANDÍN.

CARBALLO CALERO, Ricardo: *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia, 1981.

DÍAZ REY, María (ed.): *Antonio Baltar. O compromiso do exilio*, Sada – A Coruña, Ediciós do Castro, 2002.

F[ERNÁNDEZ] DEL R[IEGO], F[rancisco]: "Otero Espasandín, Xosé Roxelio" en *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago-Xixón, Silverio Cañada Editor, 1974, tomo 23, p. 151.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco: *Escolma de poesía galega IV: Os contemporáneos*, Vigo, Galaxia, 1955.

_____: *Antoloxía de poesía galega. Do posmodernismo aos novos*, Vigo, Galaxia, 1980, pp. 131-3.

_____: "Otero Espasandín, Xosé Roxelio" en *Diccionario de escritores en lingua galega*, Sada – A Coruña, Ediciós do Castro, 1990, pp. 305-306.

GARCÍA LÓPEZ, Xosé Anxo: "Un poema para dous aniversarios: Otero Espasandín canta a Amado Carballo" en *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 27, 2001, pp. 137-149.

LÓPEZ, Teresa: *Sementeira de ronseis. Cinco poetas de vangarda*, A Coruña, Espiral Maior.

MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís: *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, Xerais, 1984.

MUÑOZ, Carmen: "José Otero Espasandín", introdución a José Otero Espasandín, *Cuentos que me contó Dieste*, Sada – A Coruña: Ediciós do Castro, 1984, pp. 5-9.

_____: "Fallece el escritor gallego José Otero Espasandín" en "Cuadernos de Cultura" de *La Voz de Galicia*, nº 342, 19 novembro 1987, p. III.

PEREIRA, Dionisio: "Xosé Otero Espasandín: no centenario dun desterrado galego", *A Nosa Terra*, 963, 30 novembro 2000, pp. 30-31.

_____: *Xosé Otero Espasandín. Vida e pensamento dun cerdedense desterrado,* Terra de Montes, Verbo Xido, 2004.

PORTO UCHA, Anxo Serafín: "Historias de vida (viii): Xosé Roxelio Otero Espasandín", *A Peneira*, 1ª quincena agosto 2001, p. 36.

REI NÚÑEZ, Luís: *A travesía dun século. Biografía de Rafael Dieste*, Sada – A Coruña: Ediciós do Castro, 1994, 2ª ed.

S.A.: "José Otero Espasandín, poeta y profesor gallego...", en "Índice de las artes y las letras" de *La Noche,* 8, 3 decembro 1949, p. 8.

S.A.: "Obituaries. Jose Otero dies; retired helth bulletin editor", *The Washington Post*, 19 outubro 1987, p. 6.

S.A.: "Pasamento do poeta e escritor Xosé Otero Espasandín", *Grial*, 99, xaneiro-marzo 1988, p. 124.

S.A.: "Homenaxe a Otero Espasandín en Cerdedo", *A Nosa Terra*, 953, 21 setembro 2000, p. 26.

S.A.: "No exílio nordeamericano. Morreu Otero Espasandín", *A Nosa Terra*, 327, 19 novembro 1987, p. 14.

SÁNCHEZ ANDRÉS, Agustín e Silvia FIGUEROA ZAMUDIO (coord.): *De Madrid a México. El exilio español y su impacto sobre el pensamiento, la ciencia y el sistema educativo mexicano,* Morelia, México: UMSNI-I-Comunidad de Madrid, 2001.

S[EOANE], L[uís]: "Desterrados gallegos. José Otero Espasandín", *Galicia Emigrante* nº 22, xullo 1956, pp. 18-19.

SIGÜENZA, Julio (1928) "Tres poetas gallegos del novecientos: Amado Carballo, Otero Espasandín, Manuel Antonio", *Eco de Galicia*, ano 12, nº 333, 1 de abril, pp. 14-15, 22. [inclúe a tradución de "Campanario d'aldea"]

VILAVEDRA, Dolores (coord.): "Otero Espasandín, Xosé Roxelio", en *Diccionario da literatura galega. Autores*, Volume I, Galaxia, Vigo, 1995, p. 417.

POEMAS

J. OTERO ESPASANDÍN

LA GRECIA CLÁSICA



COLECCION ORO

DE CULTURA GENERAL

EDITORIAL ATLANTIDA

BUENOS AIRES

DE MAR A MAR



COLABORAN:

RICARDO RAZIA; ANTONIO RALTAR; ALEJANDRO CASONA; MANUEL COLMEIRO; JAVIER FARIAS; MENDEZ PELAYO; JOSE OTERO ESPASANDIN; ALCARGO ROJAS; JOSE LUIS ROMERO; ATTILIO ROSSI; ARTURO SERRANO PLAJA; LUIS SOANE.

AÑO II - NÚM. 5

BUENOS AIRES

ABRIL 1943

PARÁBOLA[67]

(Pra Manoel Antonio)

- I -

Tópome ancrado na noite dos mistereos
Botan a sua face pra faguerme siñaes.
Non sei quen para â miña veira
e leva os pensamentos pra deixalos
feitos farrapos, pendurados
nos mastros das chamineas incertos
Dou a volta non sei que man
â lousa borrallenta dos ceos
(os epitafios quedaron do rivés)
i-entr'as sombras latexan ameazas
–son os secadeiros mordegos–
e pasa o tren do Xuicio Final
sacudindo as argolas no silenzo.

Qué pasa? Venceron os diaños
–di Miguel– e fuxeu Deus
pol-o postigo aberto.

[67] En *Nós,* nº 31, 25 xullo 1926, p. 35.

- II -

Lubricán. O rodicio do día o sol
rompe a virxindade dos hourizontes.
Despertas as aldeas –picariños en coiros–,
dibúxanlle bigotes â mañán
cas chamineias de lapiceiros.
C'un atruxo de prata, o río pol-o val
–mozo que ven da tuna–
acoitelou as sombras derradeiras,
i-o galo, brandendo o sable,
bótase âs barricadas do día novo
dend'o fortín do galiñeiro.

- III -

Á noitiña. Tras das finestras
a miña moza chora –sabe que son ateio–
o sapo dalle leuciós â fonte
a leval-o compás, direutor pitagórico,
no tamboril do tempo.
As estrelas amortallan o día
aforcado na cume derradeira.
Os osos, zugados polas horas do campanario
engarabítanse no vento
mentras unha muller –non sei si canta ou reza–
ten man da vaca pol-o comareiro.

(1926)

POEMAS[68]

(Pro libro *Alfabeto*)
O piloto F. Sendón

I

O corazón da proa tremen nos hourizontes
(Ti, sereo, agardabas o bautizo do mar)
E apertaron os brazos en coiros das olas
cobizosas, o peito do navío queimado pol-o sal.

O vento –can amigo– ladraba pol-as bordas
i-alongaba o pescozo astr'o tear–
araña famenta de costelaciós– i-a ribeira
brincou, xubilosa, o alto mar.

O paxaro sin prumas –nos vidraes do W.
un estremecemento de saudade– a cibdade
de calexóns ambiguos e pipas esquencidas,
foise quedando n'un niño de neboas atras...

Na palma da man da brúxula cazabas rumbos
vencellos no pantebro[69] dos paus
e queimabas nas antenas da testa
unh'aventura nun porto d'Ultramar...

Adeus –decíanch'as nubes degaradas–,
mariñeiro desposado co mar.

[68] En *El Pueblo Gallego,* 19 xuño 1927, p. 11. Reproducido en *Eco de Galicia* (A Habana), nº 372, ano XVIII, 25 de xullo 1934, p. 16.

[69] Se cadra, estamos ante unha forma dialectal de *pantelro* ou *panterlo*, rede con dous paus empregada para a pesca das troitas. Tamén se pode referir a unha armadilla feita con vimbios ou varas para cazar paxaros.

CAMPANARIO D'ALDEA[70]

A Paco Luis

Campanario d'aldea
no que frorecen os novos días,
no teu reló de sol aniñan
as 33 palomas do medio día
e nos teus gomos engarabitados
tecen teas d'araña as anduriñas.

Mentras a aldea pace, tí, pastor fidel,
escorrentas as lobas da heirexía,
coces a fornada das hostias albeadas
pr'a comunión d'amañecida.
(O sol forneiro entr'a hora xusta
pol-as fenestras da sacristía
remangados os brazos
e ás costas o taleigo da fariña).

Campanario d'aldea
en vela noite e día...
Fías as primaveiras
da lan cardada polas penedias
coa roca da campana vella
nas longas noites da invernía.

(1927)

[70] En *El Pueblo Gallego*, 24 xullo 1927, p. 2. Aparece traducido por Julio SIGÜENZA, "Campanario de aldea", en *Eco de Galicia* (A Habana), nº 333, ano XII, 1 abril 1928, pp. 15 e 22.

(Prô libro *Alfabeto*)[71]
Ó poeta Emilio Mosteiro

II[72]

Paseo as miñas cábalas
baixo á-lgoritmia das estrelas
coas que Deus
pranteou o probrema derradeiro.
(Ecuación irresoluble
en números enteiros).

Os cadelos do mar
a rosmarlle os outeiros.

Un faro faime o saúdo de costume–
pr'os dous non hai camiño nen carreiros.

De quén son esos ollos?
Unha face perdeuse nos piñeiros
e os meus fuxen con eles
por unha congostra de segredos.

Nos pinos –labaradas de sombra–
enguedellouse o vento.

(1927)

[71] En *El Pueblo Gallego,* 21 agosto 1927, p. 9.
[72] Tal como aparece reproducido no xornal.

(Pr'o libro *Alfabeto*)[73]
Ao prehistoriador Florentino L. Cuevillas

Dos soutos da noite
caen os ourizos das estrelas
o releeren os ventos outonizos
as follas das fenestras.
Ando, coa cabeza baixa,
entre a folla, a sautea;
e xa lev'o sombreiro acugulado
ô decatarme do mermado das
miñas faltiriqueiras
¡Vállame Deus, cantas castañas louras
me baten na cabeza
e cántos ourizos lle sorrirán ô sol
cando amañeza!
Tanto me degar'a estrela do N.
que me tenta o diaño a botal-a
pra
baixo
c'unha
pedra
Mais resolvamos esta dúbida pol-os dedos
ou cos menores orlados das esferas.
¿Cantos outonos ten esta cachopa
que acord'a francesada e a mouremia
s'eu collín *alfa* magostos –cabales–
â sua veira?...
Solución. – x=%
(É endetermiñado este problema).

(1927)

[73] En *Nós,* nº 46, 15 outono 1927, p. 1.

POEMAS[74]

(pr'o libro *Alfabeto*)

Carreteira da serra:
creboute a penedía,
n'un espasmo de forza,
contr'a fe das estrelas.
Carreteira da serra,
abrazada ô cadavre lívido d'aurora,
nai dos fillos de pedra:
cingues os torsos e bicas os cráneos
dos que miran a Deus car'a cara,
e camiñas sin reparar,
nas baterías da tormenta.
Na mañán cedo e na media tarde
o teu salto crávase no lombo da montana
e a tua boca morde a boca queimada
do praneta
carreteira da serra:
ô son da tua melodía
bailan as miñas pernas.

[74] En *Nós,* nº 50, 15 febreiro 1928, p. 1. Reproducido en *Galiza,* nº 1, 1930, p. 2 e mais en *Eco de Galicia* (A Habana), nº 361, ano XIV, 17 de setembro 1930, p. 10.

SEMENTEIRA[75]

Á memoria do poeta Luís Amado Carballo

Arco da vella
disparas a frecha do campanario
ó corazón do ceo.
Os paxaros, acribillados pol-os frecos da choiva
peneirada na rayola do sol amarelo.
Deval'a marea dos centeos
e arrecenden os agros,
mapas celestes das moreas d'esterco.
(A xugada é unha costelación
no meio e meio do firmamento).
Vai a rabela do arado
a escribir o seu verso
que recita o abade merlo
no púlpito ensarillado do pexegueiro.
Mañán será un día novo
no almanaque do cruceiro.
Na brétema do val
soa a voce do labrego:
¡Ei, Mareeelo!...

[75] En *El Pueblo Gallego*, 4 setembro 1928, p. 2.

A SOMBRA E MAIS EU[76]

Ti e mais eu soios
â veira dos espacios caídos
e mudos. O silenzo é macizo
como unha morea de gran.
N'este desterro sin saídas finitas
batéronse as pálpebras da vida.
As augas esfreixadas
non conmoven as tercas lonxanías
nin as ás das gavotas
tronzan as herbas aterecidas
das nosas esperas.
Non hay un espello que che zugue os osos
nin un écran que te resucite.
Ben sinto o teu pulso de nicre
medoñento achegarse
con agasallos de cadelo
e os escalofríos de lazo
dos ollos que perdeche ó nacer.
Alónxate máis pra sermos dous
que se dan a man na soedade.

(Poema sin nome aínda)

[76] En carta sen datar de 1930, de OTERO ESPASANDÍN a Rafael DIESTE, en Xosé Luís AXEITOS, "Dos arquivos de Rafael Dieste: Carta de Xosé Otero Espasandín a Rafael Dieste", *Boletín Galego de Literatura* nº 10, novembro, 1993, pp. 89-94.

O teu quedo pisar, muller dos meus soñares,[77]
alporizou os cans car'ó poñente,
e as esfreixadas zoaban
mais ó cerca nas rafegas do vento.
De vez en cando, desvelado o reló
recalca o bater das miñas cens
sobre os confís baldeiros das estrelas.
De cote ás miñas costas
a tua figura sin liñas nin sombras
é un bico d'argazos xiados
e un ollar de peixe de lagoa.
Eu agardo un miragre
—fora do tempo xa— que
ó crebar a fixeza das esferas
me deixe recoller detras da lua
o derradeiro alento dos teus labres.

[77] En carta sen datar de 1930, de OTERO ESPASANDÍN a Rafael DIESTE, en Xosé Luís AXEITOS, "Dos arquivos de Rafael Dieste: Carta de Xosé Otero Espasandín a Rafael Dieste", *Boletín Galego de Literatura,* nº 10, novembro, 1993, pp. 89-94.

A LÚA SIGUEUTE...[78]

A lúa sigueute coma un cadelo de augas
pol-as ribeiras ô sesgo do praneta
cando na miña fronte
os ensoños pregan as âs.
Os mouchos abren o ollo esquerdo
nas penas parañeiras
cando as buxolas rentan os teus pasos.
Miña moza luada, decote antípoda
ô xogo dos loceiros
que che buscan as mans caídas como bágoas,
quezáis un dia, sin que eu sepa,
te recolla unha vaga
e te bote na orela da ribeira
morta pol-o arpón de un radiograma.

[78] En *Nós,* nº 97, 15 xaneiro 1932, p. 1. Reproducido en Enrique AZCOAGA: *Panorama de la Poesía moderna española*, Bos Aires, Editorial Periplo, 1953, p. 86.

NA MIÑA LISTA DE NOITES...[79]

Na miña lista de noites
quedóu sempre o teu arrecender de ausenza.
Cando a lúa botaba o calabrote
de liño ôs afogados
cruzabas tí a pratela do microscopio
da media noite.
Seguiche a roita dos navíos
esquencidos da sua carga
de emigrantes de carne tolleita,
e no sono da alba
a tua man barreu a fronte de ouro
do neno que comeron os peixes.
Mais, sempre alleas ôs ventos
fixos do deserto
e â cana de pescar dos campanarios,
as miñas arelas tunaron de cote
camiños de seixos e de estrelas
buscando o teu ollar gardado pol-os lazos.
Sentiréi os teus bicos de aceiro
cando un praneta
me fira de coitelo n-un costado.

[79] En *Nós,* nº 102, 15 xuño 1932, p. 93.

COSTA ABERTA[80]

Os teus desinios desarbolados
sin alento baixo os luceiros
batidos pol-os oleaxes.
A lúa virou a cima
enmallada na moura araña
de este amañecer sacado â sorte.
A costa parteu pol-o medio e medio
o nacente –terra apodrecida–
e o poñente –mar callado de peixes mortos–
Soio un faro proba os novos discos
ôs que fan diagramas antenas
de orellas fanadas.
O camiño caeu n-unha cabana
pra se dormir n-unha noite sin espranzas.

[80] En *Universitarios. Revista de la F.U.E.*, nº 2, xaneiro 1933, p. 10.

PAISAXES DA NEVE[81]

Luz manca, en coiros,
buscando a roupa que lle levou o vento.
En cada outeiro un desafío
en cruz; batido do solano
e consolo isolado, feble, da salvación.
Emigraron os paxaros da alba
pol-as liñas magnéticas do rencor.
Adeus. Moi alá ¡adeus!
Brilo de sables que adentan
como chacales o cadavre
de unha Lua-pantasma.
As vontades en loita corpo a corpo
nun danzar alternado de arroaces;
e as ondas da neve –cabras celestiales–
morden as aristas dos penedos.

[81] En *Nós* nº 116, 15 agosto 1933, p. 159.

ALDEA DO MONTE[82]

A luz da alba, luz
de VII espadas no corazón
de María: a montana.
Soio seu é o silenzo sin camiños
coma un can sin dono.
Queda moi ô fondo,
no seu tépido da valgada,
a eirexa cruzada cos amañeceres
ispido o mastro do campanario.
Ninguén tén corazón pra rezar
nin un seo limpo que lle ofrecer
ô dia nado âs portas do hespicio.
E os galos comeron as estrelas rezagadas.

[82] En *Nós,* nº 139-144, xullo-nadal 1935, p. 125.

APUNTES[83]

A Ramón Rey, coa morriña de Ulla

Pol-o río arriba,
Martín Pescador,
pol-o río abaixo
d'a auga ô carón.
–¡Ay, que ben vestido,
Martín Pescador,
no papo, bermello;
de azul tornasol,
a capa locente
ferida d'o sol!
–¿N'o ves, miña nena,
cando vas c'o fol
descalza pr'o muiño
â posta do sol?
–¡Nunca vin galán,
nunca vin señor
vestido c'o garbo,
cantando c'o son
d'este endiañado
Martín Pescador!
O río que canta,
–que canta o cantor–
o muiño que baila
d'un pe ô redor,
mentras se pasea
Martín Pescador
no espello do río
ferido d'amor,

[83] En *Galicia. Revista del Centro Gallego*, 364, maio 1943, p. 23.

e a miña meniña
cargada co fol
–cintura delgada,
cintura de frol–
ademira o galán,
ademira o señor,
de papo bermello,
ferida d'o sol
a capa locente
de azul tornasol.

SERAN[84]

I

O día, quedo, morre
aupado nas cumes.
O lonxe carros de vinte aldeas
fanlle o pranto.

II

Arrecenden buxos e madreselvas,
e o melro reza
os seus vellos latís
na ponla d'un carballo.

III

Da bosta quente,
entre duas luces,
sae o escarabello
tirando do destino.
De hórreo en hórreo
revóan sonámbulos morcegos,
e aló, das leiras
sube o cantar do grilo pataqueiro.

[84] En *Alba* nº 6, 1950. Reproducido en Enrique AZCOAGA: *Panorama de la Poesía moderna española*, Bos Aires, Editorial Periplo, 1953, p. 87 e en Francisco FERNÁNDEZ DEL RIEGO: *Escolma de poesía galega IV: Os contemporáneos*, Vigo, Galaxia, 1955, p. 143, e mais nun folleto editado sen data polo concello de Cerdedo onde se indica a pé de texto: Pensylvania, inverno de 1950, aquí baixo o título aparece a seguinte dedicatoria: "Ao eminente mestre D. Américo Castro, agudo esculcador dos horizontes da cultura española".

IV

Máis limpo e máis azul
que os mesmos ceos
o fume dos tellados
cai perguiceiro
na cunca dos espacios.

V

O campanario ascético
–ollos sin pálpebras
esculcando os abismos
que se afondan–,
vai contando os luceiros.
Toca ôs rezos unha vella
campana... ¿De Quireza,
Tamonde ou Sabucedo?...
De súpeto
nada bule nin dorme:
¡almas e corpos
velan o silenzo!

PICO DE CASTRODIZ[85]

Castrodiz, castro amigo
en terras de Cerdedo:
Nacín á túa veira.
soñéi coas túas lendas sendo neno.

Ergueito sin fachenda,
no vran e no inverno,
escoitando do Lérez
que baixa entre penedos
o canto sosesago,
penso en tí, Castrodiz,
pastor de companarios e luceiros.

Vinte parroquias soñan e anceian
ao redor teu, mentras que tí, antergo
Castrodiz, no mar soñas
e coma el abísmate nos númaros do ceo.

Nacín no teu regazo
e a tí subín a ver o mar, moi cedo,
unha mañán de maio,
tola de labercas. Voaban os centeos
dunha ladeira á outra
mordidos os calcaños polo vento.
As túas curmáns, a Conla e a Baúca,
de arriba abaixo vestían de amarelo.

Máis abaixo de Dorna e Pontevedra,
pola liña en que os soños brincan da terra ó ceo,
non sei si vín o mar ou soñéi,

[85] En Enrique AZCOAGA: *Panorama de la Poesía moderna española*, Bos Aires, Editorial Periplo, 1953, pp. 86-7 e en Francisco FERNÁNDEZ DEL RIEGO: *Escolma de poesía galega IV: Os contemporáneos*, Vigo, Galaxia, 1955, pp. 140-1, e FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco, *Antoloxía de poesía galega. Do posmodernismo aos novos*. Vigo: Galaxia, 1980, pp. 131-3.

subido, Castrodiz, ós teus hombreiros.
(Mar de Marín, mar de Marín,
recendo de sal e laranxeiros!...)

Dí, vello castro: ¿é certo
que cando todos dormen
ó son do canto dos regueiros,
ouces o son do mar,
os rezos do teu veciño o Seixo?

Dí, vello padriño dos meus soños,
se cando cala o merlo
e os campanarios dos contornos,
á noitiña, chaman polos labregos,
parlas co sabio moucho
e rezas polos mortos en segredo.

Castrodiz, rexo castro de celtas
en terras de Cerdedo,
que ouces cantar o Lérez
cando volve da feira de Soutelo
soñando cunha noiva da mariña;

acórdome de tí, dos teus penedos
cubertos de liques e de soños,
nesta terra sin castros nin cruceiros,
onde os nenos non soñan
nin ledos contos garda o Tempo
sin presas nin vagares.
¡Pastor de mámoas en terras de Cerdedo!

Pídoche, Castrodiz, dende esta terra
envellecida nova, metro e medio
de chan pra cando morra
soñar cos enxamios dos vencellos,
ca fror do toxo, ca groria das labercas
e a brancura das neves de febreiro.

CHOIVA DE ABRIL[86]

Choiva de abril,
maina, quente:
as túas bágoas tremen
na folla da silva,
na fror da xesta,
na herba; e can,
brandidas de polen
e craridades, na terra
quediña, morna,
na terra sedenta.

Choiva de abril,
móllame a cara,
móllame as mans,
móllame a ialma
mentras corro polo monte,
polos soutos,
polos cómaros,
polas praias,
case en coiros...

Choiva de abril,
dormes na folla da parra,
choras no vagar do río,
rezas no canto do merlo;
subes outra vez ós ceos
no peneirar das labercas.

Choiva de abril,
nas outas terras do Tambre,

[86] En Francisco FERNÁNDEZ DEL RIEGO: *Escolma de poesía galega IV: Os contemporáneos*, Vigo, Galaxia, 1955, pp. 144-5, e FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1980) *Antoloxía de poesía galega*. *Do posmodernismo aos novos*. Vigo: Galaxia, pp. 131-3.

nas hortas do Ulla,
nas leiras de Codeseda;
choiva miúda,
xoia do líquen, do cróquel,
do botón da merendeira:
bailas na tona do río
perguiceiro, faste
cristal no arco da vella.

¿Cántas veces me mollache
corpo e ialma?...
¡Tantas foron que,
aínda hoxe, lonxe de tí,
síntote caír en soños
mansa, leda,
na terra quente dos agros,
no musgo xordo,
na fola das carballeiras!...

Sinto as mans molladas,
choiva de abril
soñando en tí, a mil leguas
do Lérez,
das pedras de Compostela.

DOLMEN DE OLEIROS[87]

¿Estás ainda en pe,
entre xestas e urces,
Dolmen de Oleiros?[...][88]

Hai moitos anos, Dolmen,
que non te vexo,
que non ouzo o teu canto,
vivo como un segredo.

Hai moitos anos, Dolmen,
que o teu baile encantado
non pula no meu peito.

¿Qué música hai cifrada
—vello ensalmo ou anceio—
na grave arquiteitura
dos teus membros?

Non é o son das olas
roucas de Corrubedo,
teu veciño, nin é o vago son
do vento mariñeiro.

Hai compases moi finos
e moi craros misterios
nese feixe de pedras
—¡tan sinxelas!— levantadas ó ceo.

Tí, vello amigo, cantas
e bailas, libre, ledo,

[87] En Francisco FERNÁNDEZ DEL RIEGO: *Escolma de poesía galega IV: Os contemporáneos*, Vigo, Galaxia, 1955, p. 145, e FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1980): *Antoloxía de poesía galega. Do posmodernismo aos novos*. Vigo: Galaxia, pp. 131-3.

[88] No orixinal enviado por ESPASANDÍN a DEL RIEGO en carta datada o 25 de nadal de 1951, vid. "Apéndice", engádense os corchetes.

a groria, sempre resucitada
dos luceiros.

Númaros pitagóricos
pespuntean na punta dos teus dedos
compases de muiñeiras
que soio tí recordas doutros tempos.

Vello Dolmen, ¿estás
aínda en pe alá no ermo,
entre xestas e urces
cantando os teus segredos?[...]

SOLPOR[89]

Como unha fouce de prata
o río loce ó luar
mentres a moa do muíño
alá no fondo do val
tece un refaixo de neve...
¡Ailalala, ailalalá!!...

Mentras a moa do muíño
baila a fartura do pan,
as mozas que ven da sacha
enchen a campá do ceo,
enchen a cunca do val,
coa tristura do seu canto:
¡Ailalala, ailalalá!...

Todo canta: o merlo,
o sapo, o moucho, o lúar,
o rodicio do muíño,
as meniñas casadeiras,
camiñando pouco a pouco
cansadiñas de sachar,
co corazón apretado
(¡Ailalala, ailalalá!!...)
de esperar o que non chega,
e que tarda e tardará.

Todo canta: a fonte,
o carro, a brisa do mar
nas follas dos castiñeiros,
os badales das campás.
Canta a pena sin consolo:
¡Ailalala, ailalalá!!...

[89] En Francisco FERNÁNDEZ DEL RIEGO: *Escolma de poesía galega IV: Os contemporáneos*, Vigo, Galaxia, 1955, p. 146.

Para "Claridad"

ALIANZA

DE INTELECTUALES ANTIFASCISTAS PARA DEFENSA DE LA CULTURA

MARQUES DEL DUERO, 7 MADRID TELEFONO 52713

En momentos como los que pasamos en España, no es posible reseñar, ni aun en parte mínima, los gestos individuales de los que con armas, o simplemente con el espíritu, contribuyen al éxito final que ha de ser el del pueblo. Los intelectuales que ponen a su servicio todo cuanto poseen, y con ello su alma, su autenticidad más profunda, son los verdaderos intelectuales y no los que ofrecen solo la envoltura mezquina e hipócrita en que el espíritu a menudo se esconde para ocultar la cobardía o la vileza.

Es difícil ser íntegro, ser honrado y más si la honradez no pide premio ni elogio ni es el vestido de la pedantería. Muchos serán los casos que pudieran citarse de personas que en estos instantes supieron comportarse honestamente y cumplir su deber con rigor y sin ruido, pero entre todos queremos nosotros hoy destacar uno que por las circunstancias particulares que le acompañan nos parece verdaderamente ejemplar: Es el de un diplomático americano de origen español, escritor, humorista, hombre de letras todo claridad y profundidad, para el cual como sucedió siempre a los mejores, lo esencial no es la letra, sino el hombre, el amigo, la verdad, el fuego interior de donde parte toda creación. Eduardo Dieste en este instante en que tantos han traicionado, especialmente entre aquellos que se encuentran en situación como la suya, en este instante en que tantos se decían liberales y abiertos a todas las ideas, amantes del pueblo, se han inclinado hacia su casta, en el momento justo en que era preciso escoger entre la verdad desnuda o el interés ya desenmascarado, en este instante difícil en que para ser honrado es necesario romper con tantas cosas, Eduardo Dieste ha sabido portarse con nobleza, ser fiel a sí mismo. En radical discrepancia con la reciente actitud de su gobierno -inesperada y única en Hispanoamérica- no ha querido mantenerse impávido ante una ruptura que solo puede ser efecto de infames maniobras y ha testimoniado su adhesión a la España que lucha gallarda y bravamente por la justicia renunciando inmediatamente a su cargo consular. Eduardo Dieste lo arriesga todo y se queda aquí con nosotros limpio y claro, solo con el pueblo, con nosotros, mirando al porvenir, o se va a su patria a unirse a los que allí protestan contra las tiranías a llevarles el mensaje de aquí y la emoción del pueblo español en lucha contra el fascismo.

Como quiera que sea, aquí con nosotros o allá lejos, como homenaje a él y como homenaje principalmente a un espíritu que supo ser libre y decidido, nosotros intelectuales, camaradas suyos, queremos testimoniarle con estas líneas nuestra simpatía y reconocimiento profundo por su digna y generosa actitud, que ha de alentar al pueblo español y a todos los que luchan por ideales de verdad y de justicia, para aplastar definitivamente a la reacción, a la mentira y al crimen que es el fascismo.

Firmado:

Antonio Sánchez Barbudo, Arturo Serrano Plaja, Lorenzo Varela, Eugenio Imaz, V. Salas Viu, Emilio Prados, José Bergamín, María Teresa León, Rafael Alberti, León Felipe, Rosa Chacel, Concha Albornoz, Manuel Altolaguirre, Ramón Gaya, Delia del Carril, L. Fersen, Enrique Casal Chapí, Eusebio García Luengo, Rafael Dieste, Mariano Gómez Fernández, Carmen Muñoz Manzano, J.O. Espasandín, Rodolfo Halffter, Acario Cotapos, Arturo Soria

Recibido marzo, 8 de 1939.

Nº 678

José Rogelio Otero Espasandín

Castro

En Cerdedo, siendo la una de la tarde del día nueve de Diciembre de mil novecientos, ante Don Antonio Valiño Freire, Juez municipal, y Don Joaquín Paz Seijo, Secretario, comparece Rafael Otero, casado, labrador, natural y vecino de Castro, de treinta y ocho años de edad, distrito de Cerdedo provincia de Pontevedra, provisto de cedula personal, presentando, con objeto de que se inscriba en el Registro civil un niño que se asegura como padre del mismo declaró.

Que dicho niño nació en el domicilio paterno á las tres de la mañana de hoy.

Que es hijo legitimo del declarante y de su esposa Soledad Espasandín, labradora, de treinta y siete años de edad, natural y domiciliada en la de su marido.

Que es nieto por linea paterna, de Salvador Otero y Manuela Fandiño, y por la materna de Juan Espasandín y Francisca Balseiro, todos naturales y vecinos de la referida de Castro.

Que á dicho niño se le puso de nombre José Rogelio.

Fueron testigos Francisco Samartin y Salvador Cerdeira, naturales y vecinos de Cerdedo.

Leida íntegramente esta acta é instruidas las personas que deben suscribirla á que la firman por sí mismas, ó así lo exigían convinientes se estampan en ella el sello del Juzgado, y la firmaron el Sr. Juez, el declarante y testigos de que certifico= doy fe borrado=Otero=Vale.

Antonio Valiño

Rafael Otero

Pedro Samartin

Salvador Cerdeira

Joaquín Paz

PONTES DO LÉREZ[90]

Pontes do río Lérez,
feitas de ceo e pedra:
lévovos no recordo,
sempre ledas.
Firmes pontes,
brinco de orela a orela,
maternos brazos
da ialma da Galecia:
comigo andades sempre,
as meniñas dos ollos moi abertas
cara ó lonxe do tempo
e das estrelas.
Inverno tras inverno
ferven as augas nas vosas estribeiras,
e pouco a pouco anéganvos os ollos.
Mais a invernía pasa, e seca
volve, volve o ru-ru da rula,
as anduriñas, o cantar das labercas.
Pontes do río Lérez,
onde os ventos xostregan,
onde morden os lazos do xaneiro
e tamborilean as sarabias marceñas:
vin polos vosos arcos,
pontes vedras,
xurdir castelos de xacinto,
meigos arcos da vella,
o foguete do martín pescador,
a fror das ameixeiras...
¿Qué dedos vos teceron?

[90] En Francisco FERNÁNDEZ DEL RIEGO: *Escolma de poesía galega IV: Os contemporáneos*, Vigo, Galaxia, 1955, pp. 141-3.

¿Foron dos anxos ou das meigas?
Por enriba de vos,
como as augas eterna,
pasa e volve pasar de noite e día
a ialma de Galecia,
ora feita alalá, ora aturuxo,
conto ou lénda,
mentras nas augas dondas
?río abaixo de vagar ou de presa?
bailan todas a unha
as vosas pedras.
Por enriba de vós pasan as nubes
en recuas ou en greas,
enche e devala a lúa
as mareas;
a madeixa do tempo; á veira vosa,
false escuma e area
de puro croio; as campás
de Cerdedo, de Quireza,
Tenorio, Viascón,
de Dorna e Pontevedra.
cantan, rín, choran,
recordan, rezan,
e, ó cabo, morren
de vellas:
e vós, pontes de Lérez,
vestidas de liques,
xaramagos, cróqueles, hedras,
ahí estades, vivos soños
entre o ceo e a terra.
Qué ben se soña, mozo ou vello,
sentado á vosa orela
en tanto cantaban os moíños

e alén das nubes quedas
do serán, na gaiola dos ceos,
unha a unha acéndense as estrelas...
¡Quezáis un día, pontes da miña infancia,
volva a escoitar o merlo á vosa veira!...

PRANTO IN MEMORIAM DE RAFAEL DIESTE[91]

"Vive quien deja
y deja el que ha vivido"
Antonio Machado

Dinos, Atlántida,
senlleiro Barbanza
que as Rías esculcas,
que vixías lonxes
de tempos e mares.

Ti, fillo de Atlante,
de nacencia nobre,
forte de humildade;
dinos ¿por qué as dornas
non sulcan as augas
nin xogan cos ventos
nin fenden as vagas?

Tumbadas na area
de esquencidas praias
parecer parecen
que non teñen alma.
As velas a unha
caíron dos mastros.
Nos peiráns da Arousa
os mastros espidos,
tremendo de frío
e o cordame solto
semellan pantasmas.
Fóronse as gaivotas,
sin seren ouvidas
pro longo dos mares.

[91] En *Grial. Revista Galega da Cultura,* 75, 1982, pp. 71-72.

De unha banda á outra
da Ría da Arousa
morreron as luces
de estrelas e faros...

Dínos, Atlántida,
ti, fillo de Atlante,
patrón de estas Rías,
de estas Rías Baixas,
que os tempos esculcas
e ouces os astros;
¿Qué anuncian os Sinos,
matinan os Fados?

Falou o Barbanza:
—Camiñante, sigue,
fai a tua andanza.
Non lle fagas creto
e nescios presaxios.
Adícalle un rezo
ó teu camarada,
que ven adiviño
que sólo por velo
cruzaches os mares.
Xuntos tantas veces
pasaches ó lonxe
soñando as belezas,
xusticias soñando...
¡Qué ledo recordo:
dous mozos cumpridos
soñando belezas,
farturas pra todos!...

Sigue, camiñante,
sigue non esquenzas

que os poetas quedan,
non morren, non pasan.
Viven seus decires,
as suas conversas,
brandidas de gracias;
viven nos seus libros,
nas nubes, nas praias,
no dolmen de Oleiros,
nas praias do Touro,
na cume inmorrente
do nobre Barbanza.

Bethesda, Maryland

PROSA VARIA

INQUEDANZAS[92]

O síntoma mais certeiro de que s'aveciña unha data d'interés na cultura galega fica no feito de que, antre a argalla de cotío, aparecen voces diferentes c'o seu "tono", i-o rimo. Voces qu-afian as suas cerdas de clavisémbalo n'as espadanas da cultura; voces que se domean i-axustan ás ondulaciós da paisaxe europea sen perdelo nó da radición: Galiza. Unha ducia de rapaces –non me refiro a edade senón a outros fautores mais precisos– decatanse d'esta verdade: ó mesmo tempo que nos axustamos ó sistema d-eixes que nos impón a unidade xeográfica temos de percurar axustarnos ó compás do noso tempo. Sin estas duas cousas non é posíbel "derivar" a liña do noso carauter. (Non esquenzamos qu-este probrema pode pranteal-o a Xeometría Analítica). Non habemos de nos poñer co-as costas prá fronteira nin pró medio rexional. A nosa atención, como unha bruxula ten dous polos opostos. Unha proba pode ser esta: A nosa Xeografía atópase sen estudar. ¿Cómo darlle comenzo a esta laboría se nón nos decatamos de que siñifica esta disciplina n'autualidade?¿Saberian os nosos maestres quén era Brunhes, Ratsel, S. Tosser, William M. Daves?... Quen di a Xeografía, di a Hestoria. Hei, pol-o mesmo, de confesar como me enche de coraxe a aititude d'alguns que s-adican soamentes a sementalo receo i-o esceiticismo antr-os seus leutores, no que res-

[92] En *El Pueblo Gallego*, 5 marzo 1926, p. 2.

peita ó que se fai fora d'eiqui. Moi ben que se critique, pero moi pouco di en col dos nosos proyeutos i-arelas o terco rexoubeo que tan ben lle cadra ás comadres i-ós cadeirádegos da nosa Universidade.

Dous camiños, rapaces. Un que nos leve a carón, millor dito, ó ceo quente da nosa terra; e outro que nos poña na encrucillada de todol-os camiños alleos. "A Galiza chegaron mortas as resoansas o mundo", díxime certa vez Valle Inclán. Soilo alguns pobos –di de certa maneira o descubridor dos Tartexos– aveiraron ás nosas costas de camiño pró Norte. Eisí que se nón pode chegar a nos a cultura europea, temos qu-ir buscala e traguela eiquí. Eu coido qu-a cultura atlántica de que nos fala o maestro da Normal d'Ourense e un belido mito que, de cantar nos ouvidos nosos, pode levarnos a onde non convén chegar. A cultura e –estou nesto d'acordo con D'Ors– unha soila. Pra chegar a ela é imprescindibel que voltemos ás humanidades, Hestoria, Filoloxía, Etnografía, Matemáticas, Bioloxía... Busquémol-o estudiante; fuxamos do xornalista de profesión. O qu-é o mesmo; impoñámonos as discipliñas, deixemol-os xornaes pol-os xornaes, e un soido d'un puño de calderillas. Deciame fai pouco Montes que antramentras os rapaces galegos soilo cobizasen pubricar un artiguiño n-un xornal ou n-unha revista pra recoller a embora das amistades, non podía creer en Galiza. Saben quen foi Wilde e non quen é Cantor, ou Lorentz– repetía...

* * *

Mais volvamos ó que decíamos no comenzo. O que siñifica o feito de que podan ouvirse algunhas voces diferentes no ambente barulleiro –cada vez menos– d-autualidade galega. Manuel Antonio, Rafael Dieste, Otero Pedrayo, Filgueira Valverde, ... e outros moitos que me perdoarán nos nomes aínda que non-os poida esquencer. Nos pirmeiros deliñamentos a conformidade á ausoluta. E canto os matices ten cada un os seus. Unha

cultura –a cultura– non é outra cousas qu-un frolecer de persoalidades d'individuos, que-imprican outras tantas creaciós. O mundo foi creado cando se diferenzou no caos primixenio. A vida d-unha estrela comenza cando tende no tableiro do ceo a "sua" parábola pirmeira, que determiñan as forzas da nosa aórmica.

¿A nebulosa galega bota ó ceo as pirmeiras estrelas? ¡Sin dúbida!

Rapaces: sexamos rebeldes e descipriñados ó mesmo tempo. Valentes e sereos; sagaces i-outimistas. Rexistremosllo as faltriqueiras –eisi faguian os gregos– ós alleos, sin esquencernos d-apalpal-as nosas o mesmo tempo.

Tal é o meu consello, i-a miña creenza.

Ribeira, febreiro de 1926

LITERATURA I-OUTRAS COUSAS[93]

Dieste quere por [...] que, c'o [...] "Con [...] o seu [...] equilibrio entre os dous fautores da vida galega, os dous tamén equilibrados na sua forza. Monte e mar, os dous fautores espaciais do cadro fisico; labrego e mariñeiro, as suas traduciós no orde humán. Mais a pouco de leel-o decatámonos com-a romana s'incrina pra banda da riveira. Non podia suceder d'outro xeito, dempóis de todo...

Rafael Dieste naceu na vila de Rianxo berce das [...] millor delinadas da renacencia galega, i-ese atou, dende neno, os contos perdidos nas brétemas mariñeiras ou nas lodosas calexas dos portos, a carón dos seus mariñeiros. Ademais moi pol-o fondo da sua caste corre unha vea de sangue mariñeiro qu'a enche de xenerosidades i-a [...]. Os seus hirmans, entre os que s'atopa Eduardo, mais conocido nas Américas qu-entre nós pol-os seus ensayos de crítica e teatro, deliñaron roitas pelegrinas sobre o zarrizo do mar. I-el mesmo, case neno, atracou as prayas mexicanas c'un [...] fachendoso, co cheiro das mazás maduras que a sua nai puxera dentro, con agarimo.

Cando o vin tan pequecho pendurado no peteiro da grúa entr-os mundos dos ricos, houbera sentido o maor desconsolo senón acertara a levar dentro "O mundo como vontade e como representación" –dixome unha vez Rafael ó falarme do viaxe c'o humorismo cordial das duas confidencias.

"Dos arquivos do Trasno" bota nas faltriqueiras das nosas letras os [...] máis relocentes, de [...] mais cristaiños. Os seus contos traballados no ouro escolleito das nosa tradición fixeron tremel-as miñas maus co degaro d'un xudío pol-os cartos cando sentía n'elas o peso das maxinadas follas d-este libriño, tan

[93] En *El Pueblo Gallego*, 15 maio 1926, p. 2. Entre corchetes indicamos os fragmentos de texto que nos foi imposible descifrar por mor do mal estado de conservación destas páxinas do xornal, malia isto reproducimos o texto íntegro.

levián o mesmo tempo. Dieste [...] o tecido vivo d [...] pol-o camiño de Pedrayo e Castelao, pol-o pobo que se vale d'el e, millor ou peor, o vai iniciando. Todo consiste logo en sabel-o peneirar n'un innato senso filolóxico, como él.

Os nosos escritores poden dividirse n'estes dous montós: o d'aqueles que-adeprenderon o galego nos libros, que siguen un método que-apricado á Historia que chamo "progresivo", i-o dos que poidemos chamar "regresivos", os que [...] o galego do pobo e van-o axustando e [...] ás esixencia da eispresión. O [...] dos primeiros é Co [...]. Os segundos non teñen ó noso [...] "Por iso o portugués moi [...] señor" –dixo un labrego ourensán cando lle leeron un artigo d-un escritor dos primeiros.

Dos segundos Dieste, Manoel Antonio, [...], Pedrayo, etc. –saben recollel-o tono, atmosfera e as voces, e compoen tendo moi en conta esas direuciós acochadas no medio das verbas a semellanza das valencias dos átomos. Cousa que fará seguro en col do seu achego ó pobo. Valle-Inclán que tanto s'apegou á consicuición galega, [...] o castelán no galego. [...] na'a sua maneira de compor [...]. Ademáis escribiron o galego en castelán, i-o caso do home d'-[...] mostranos como moitos non fan senón escribil-o portugués na nosa terra.

"Dos arquivos do Trasno" –volvamos o conto– no seu formato d'unha sinxeleza esquematizada, e un feixe d'afirmacios. Apretado, medido, c'a quentura d'un atruxo, dinos cantas virxindades emotivas agardan a nosa xeneración nos lindeiros xeográficos de Galiza. Decátanse, pro adiante, os qu-aseguraban a inutilidade do galego pra eispresar e resolver temas universais, Dieste di o que quere dicir. Chega ós conceitos todos sin esforzo. Os temas dos seus contos son universais. Sacándolle o valor que lle dá a língoa pr'os galegos, i-escritos no catalán, poñamos por caso, serían, do mesmo xeito, interesantes pr'os catalans. ¿Cantos escritores galegos aguantan unha traducción?

O autor “Dos arquivos do Trasno” contoume o fondo d’algúns contos. (Pra el qu-o conto háse de poder contar). Agora vexoos escritos moi superados. O feito de velos n’as catro liñas d’un lapiceiro, com-unha figura xeométrica, e velos dempois hinchados pol-a forza da emoción, capaces, a semellanza d’unha vela azul, de leval-o noso espirito ós confís derradeiros, atestigua unha capacidade sintética, un dominio da técnica do conto, que soio algúns maestres consiguen ó cabo de moitos libros. (Pra algo Dieste é un leutor afervoado de Gracián. O maestre d-orquesta dos conceitos).

O libro de Dieste, ainda sendo él un teorizador d-as novas escolas, non sobresale n’as metáforas nin n’as imaxes. Ten un estilo de fondas resoancias pra espallal-as noxas suxestiós. Ten unha densidade atmosférica que-o asemella ó estilo de Miró, ó qu-aventaxa no axil dinamismo, no brincar da proa que deixa trás de si un ronsel garboso, mentras fende a carne virxe das ondas, aínda que sexa o de Dieste, mais mate, mais a tono c’o noso ambente.

¿Por qué o autor se limitou a catro definiciós aforísticas se podía –¡podía! – desennovelar unha teoría acabada do conto? O meu soio reparo.

Otero Espasandín
Ribeira, 2-5-26

A ROITA DOS PELEGRINOS[94]

Este novo ademán c'o que saeu o señor Risco a defendel-o nacionalismo galego, tivo no noso espíritu unha resoancia eisceicional. O seu artigo, aínda mais que outros, ten acertos subtiles, o mesmo literarios que ideolóxicos. Uns construcción axustada, verbas fáciles i-escolleitas, i-un rimo que todos debemos loitar por reconquerir. N-él, por outro lado, ouservamos como o pobo impón o seu dictado certeiro en canto ó uso d'algunhas letras. Este é, ó noso ver, o camiño mais direito pra chegar á unidade idiomática i-a unha saturación literaria do ambente. D'este xeito o pobo decaratase do noso esforzo por comprendelo cabalmente. Non é que nós coidemos se deba dar un creto ó pobo que n'outros ordes non merece. Mais n'este caso no que o seu papel ten realmente importancia, non lla debemos escatimar. O saberse colaborar noso porá unha atención nova, intelixente, ó emprego das voces, cousa que quizais nunca lle importóu. Nós debemos de loitar por entendel-o pobo e porqu-o pobo nos entenda tamén. Mais a loita é nosa; ó pobo aínda non lle merecemos o esforzo d-achegarse a nós. Temos, pois, d'ir a él sin adulacións nin receios, c'o paso xusto i-o nobre ademán de quen nada lle pide nin lle debe.

Na parte derradeira, o señor Risco di qu-o sepulcro de Sant-Yago ten pra nos o valimento de lembrarnos das pelegrinacións medievaes, que nos trouxeron o espíritu da Europa; qu-él dixo sempre "qu-o que mais empeño pomos en reinvindicar os nacionalistas é a persoalidade europea de Galicia". Nós coidamos questa derradeira afirmación ten de ser o centro de homotecia de todo o sistema do feitos que debemos comezar a faguer, canto antes millor. Galicia nada lle debe a meseta; débello todo a Europa. A i-alma medieval europea encendeu o acordo risoño do Pórtico da Groria i-eternisou nos granitos composteláns a pregaria

[94] En *El Pueblo Gallego*, 4 xullo 1926, p. 1.

das greas dos pelengrinos atormentados. O reconquerimento de toda esa tradición atafegada dinde fai moitos anos debe ser a nosa mira derradeira. Mais téñase moi en conta[95] qu-o espírito do medio-evo europeo fuxeo pra sempre, e solo, hoxe, pode ter unha importancia histórica. Precuraremos aí, o noso emparentamento c'a Europa, mais c'a Europa d'hoxe, a viva i-acesa, ainda nos comenzos do seu camiño cultural, do seu sereo froitecer.

Este pulo, xigante pr'os nosos recursos eisixe todas as audacias, todas as precaucións, e unha fonda sociedade. A nosa aititude non ten outra axuda qu-a sua mesma seriedade, a sua forza inmanente. Se se decatasen do devandito moitos dos que confesan –ou coidan confesaren– o noso credo, non sairían antes de razón a botar as campás a voar.

Agora nós somos os que temos d'ir a Europa en pelegrinaxe pra percural-a fé, no noso destino e no noso esforzo. A roita xa está dada –dana os luceiros i-os templos aliñados, qu-os pelegrinos ergueron. ¡Mais ainda nos falta sentil-o agarimo dos camiños na serra!

[95] *Cinta* no orixinal.

COINCIDENCIAS[96]

Xa non pode abandonarnos –no presente galego– a opinión persoal. Hora é de debuxar acordos e actuar segundo eles. As arestas dos nosos pensamentos teñen de se endereitaren a un vértice que fenda, ledicioso e constante, as longas valgadas do porvir, talmente a ferra do arado nunha terra virxe. Denantes de nada temos que abrir un rego de referencia rectilíneo, estremecido. Só a rota corteira pon no andar do pelegrino a seguranza da chegada e amansa a cobra do camiño baixo os pes danzantes. Velaí por qué nós, fideles ao sosego dos piñeiros mansos, eiquí na veiramar, apertamo-las mans na mornura dun mesmo tema. ¿Cal é? ¿Cal outro pode ser?

A unidade interna de Galicia ten que ser a nosa mira primeira. Ela ten que marcarno-los designios máis elementais. Galicia esxistirá plenamente cando o seu corazón, animado de fonda cobiza, teña un resoante latexar. Non abonda que falen uns poucos. As nosas interrogacións, para seren fructuosas, teñen que inquedar o palio da conciencia.

Deica hoxe as palabras enxebrismo e galeguismo acubillaron case sempre ideas enguedelladas, en pugna co espírito de hoxe, que non atopa acougo nas vagalumes líricas dos nosos precursores. É mester que asubie o vento no pentagrama das nosas normas.

A falla de unidade equivale a nos condenar ao descoñecemento de nós mesmos en conxunto. Dunha entidade singular ou colectiva soio se pode dicir que "actúa" cando chegou a isa unidade, condición do propiamente activo.

[96] En *Eco de Galicia*, nº 315, A Habana, xaneiro 1927 [asinado conxuntamente con Rafael DIESTE]. Reproducido en folleto polo Concello de Cerdedo en 2000.

Non temos aínda por qué dar creto a ises cantores do mol que queren faguer da saudade e da morriña as nosas primeiras e mellores notas.

¿Cales son os factores que se opoñen á unidade galega, ao esclarecemento do noso estilo?.

Parécenos que son:

O individualismo sen antenas.

Pobreza de fe no noso destino, quizáis por causa do concepto enfermo que de nós mesmos temos.

O non obxectivar, cada individuo ou entidade, o seu ideal, faguendo dil algo emprezado "fora", algo do que un mesmo é instrumento sen deixar de ser fin.

A organización da propiedade, feito que encadea as almas labregas coas argolas que estreman as leiras.

Eis o problema da nosa mocedade contrapor a isas forzas negativas un grito de xubilosa vontade. Dempois de ben desenguedellado o pensamento, vimos sempre a parar a ista verba: vontade. Non hai recetas revesgadas nin conxuros artificiosos. Todo fica no fío –remate e comezo– do querer ser.

Xosé Otero Espasandín
e Rafael Dieste.

A MICRO-RESIDENCIA[97]

Iráse decatando o señor Bal da resposta dos ricos galegos.

¿Qué lles importa aos ricos galegos o prega mais sinceiro e desesperado? E porque entre o señor Bal e os nosos ricos media unha infinita lonxanía.

Se o rico non é mais que rico, amigo Bal, soio a nosa compasión merece. Tal é o caso, en conxunto, dos ricos galegos. Deixalos morrer, e que veñan outros: quezais ao remate d'alguns séculos os ricos sexan, ademais de ricos, o preciso para escoitaren co-a emoción merecida, a chamada d'un estudiante que sinte á sua veira as siñaes apestosas da asfixia.

Para os ricos galegos Santiago é unha regalía. O mesmo que para os nosos xornalistas oficiaes. O estudiante que predica n'unha roda de ademirados que Roso de Luna é o home de mais sabencia de España e asegura que "Ramón y Cajal é espiritista" adequire para o rico un prestixo de sabio. O que non pasa da categoría de analfabeto –non importa que estudie Direito, Cencias ou Filosofía– abonda que sexa divertido para se salvar. En Santiago non se rebule co-a cantidade de xente eisí. Nós tivemos ocasión de ouvir a frase mais arriba entrecomillada.

Coidamos, noustante, faitibel o pensamento do señor Bal sempre que siga un camiño ao noso alcance. A Residencia non é probrema que se poida demorar. Por outro lado temos notiza de que unha secta relixiosa pensa fundar en Compostela unha contra-Residencia; esto é, unha Residencia a sua maneira. Esta xente ten tantos cartos como poucos escrúpulos. Pranteemos logo d'outro xeito o probrema.

Eisí como na nosa terra non se topa un rico, é doado atopar unha ducia de estudiantes "autodidactas" para pôr unha casa

[97] En *El Pueblo Gallego*, 18 xaneiro 1927, p. 2.

arquetipo. Unha persoa –home ou muller– que se queira pôr ao frente para o réxime económico non faltaría. Nós vemos unha casa nas aforas con vinte habitaciós e 20 x 2 fiestras abertas. D'esas vinte habitaciós duas están dispostas para biblioteca, feita co-a aportación de cada un dos estudiantes escolleitos. Entre éstos hainos de Dereito, Farmacia, Filosofía, de Ciencias. Quizáis un pinte, outro sexa poeta, outro músico. Cada quince días un dá conversa, sexa en col d'unha institución pedagóxica, sexa en col do espacio elíptico ou da teoría dos cuanta. A esas conversas soio poderían asistir os residentes ou os invitados por eles. Cadeirádegos, artistas, eruditos non faltarán para axudaren e auparen o primeiro esforzo. Poidera lerse unha publicación para recoller –mensual, seimestral ou anualmente– os traballos de mais alcance lidos no seo da pequena Residenza. Estos actos culturaes despertaran no seo da cibdade caduca arelas de rexurdimento, ao mesmo tempo que faran a propaganda mais eficaz. El poderia ser que a mesma Xunta de ampriación de estudio prestase axuda, ben con libros pubricados ou traducidos pol-a sua conta, ou ben con recursos económicos.

Outra finalidade desta xérmola de Residencia sería a de ourentar aos libreiros ou vender libros pol-a sua conta. Sentido é canta falla fai a reforma das librerías d'unha cibdade universitaria cando éstas tópanse tan despistadas. Ben pode un virarse todo para atopar un libro novo de nacións tan afíns a nosa como poden ser Portugal, Italia ou Francia. Aínda libros traducidos ou pubricados en castelán fanse vellos antes de chegaren aos escaparates das tendas composteláns. S'algún chega ten der ser dos que menos se len. Non pasa dun mes que ao preguntarmos nunha librería de Compostela pol-a colección dos "Manuali Hoèppli", pubricación milanesa conocida en toda Europa porque recolle as millores obras didáiticas d'Italia, o rapaz do mostrador quedounos a mirar co-a boca aberta. Logo púxose a remexer nos estan-

tes por cumprido e, por casualidade, dou cun número. ¿De qué trataba? De literatura toscana.

Ao noso ver, señor Bal, tópase nesta modesta iniciativa o feixe de posibilidades co-as que vostede soña. Unha intensa corrente osmótica promovida pol-o esforzo duns poucos no seo de Compostela, poidera ser a salvación deste levián rebulir das arelas galegas. Logo a Universidade xa se decataría de que o estudiante "troyán" –que a moitos cadeirádegos fixo chorar de ledicia co-as suas parvadas– é no hourizonte estudiantil de hoxe un pobre monifate anacrónico. E mester asaltar deste xeito a Universidade, que ven sendo para nós a toma da Bastilla. Sin ela, sin unha Universidade perenemente acesa como unha fogueira no medio e medio do chan galego, non se pode falar de resurdimento.

D'acordo con vostede, amigo Bal en que todo ten de sair das ruinas da Universidade de hoxe: a Universidade de mañán. Da mesma sorte que da ruina do estudiante de hoxe sairá o estudiante de mañá, pol-a virtude –todo– dunha premeira e ben medida iniciativa dun puño de rapaces porviristas, de estudiantes no senso xusto da verba.

ARTIGO PRA MOCEDADE[98]

Quixera nas xentes da nosa terra a ledicia precisa pra s'achegaren os feitos i-as cousas coesa febre coa que s'achegan os nenos. Ver as cousas, apalpal-as, xogar coelas astra qu-o sono nos venza e repare as forzas.

Un terco alonxarse dos feitos e das cousas levou òs homes, nas datas pasadas, ò desacougo de moitas teorías. (Teoría no que entende o probe diaño. O meu respeto e creto pra teorías). Teorías qu-ó lle faltar as veces que as veas mantiñan non sementaron senon desacougos, amargurios. Desacougos, amargurios, choros. E mais oratoria, como consecuencia. Quizais Unamuno non quixo decir mais nin menos co aforismo do congreso. A intelixencia pode ser, certo, unha enfermedade pr'o home. (De pronóstico reservado, doutor). Mais, todo s'atopa en cómo proceda. Os nenos non son enfermos por mor da intelixencia. Porque os nenos son fideles o mundo, a realidade. Fidelidade cabal a dos nenos. Eles van ver –sempre– as cousas, tales e como elas son. Os homes –os qu'eu chamo enfermos– van ver as cousas esto e aquelo. E querendo ver n'elas esto e aquelo rematan por lle non atoparen sentido. Craro é. Nin o que lles queren impôr a priori nin o qu-elas acóchan tampouco.

Todol-os choromicas foron enfermos.

O romanticismo foi unha praga. O misticismo outra. Etc. Os homes querían fuxir da realidade –ollos revirados– porqu-a realidade era terreo vedado pra eles. (O poeta, paxarraco dos tellados. O corvo de Pöe). Pra eles realidade = incongruencia coa estructura dos seus espíritos descentrados dan moitos froitos serodios.

O neno escacha o xoguete pra rascar esta dúbida que lle roe o maxín: ¿Qué ten por dentro? Os homes –sempre me refiro os

[98] En *El Pueblo Gallego,* 1 marzo 1927, pp. 1-2.

enfermos– prefiren invertarlle unha razón o xoguete. Malo. Esta segunda maneira de xogaren os homes, levos a mais pés do quo gato ten. Desilusión... Todo é relativo... "A cencia non resolve nada... O mundo é un val de bágoas"... ¡Uf! Cánta vulgaridade. Cánta podredume. Cánta estúpida conformidade. Eisí poido chegar o mundo a ser un hospital. Un manicomio de xentes co-a manía do sentido común. Nada máis que manía. Qu-o sentido común nin c'un candil. Sentido común = atopar o sentido fora d'un; nas cousas, nos feitos com'o atopan os nenos. Soio no fondo dos ollos dos nenos antes de iren a un 9.999 por 10.000 d'escolas –latexa o pulso do sentido común.

Contarlle os pes o gato. Un pé + un pé = dous pés; dos pes + outro pé = tres pes. E tres pés + un pé = catro pes.

Dend'as fenestras que dan o monte, víase unha cousa branca. ¿Qué era? Estaba lonxe case nas néboas –e nas arestas arriscadas– do Barbanza. ¿Qué era aquelo que branqueaba no monte? E ninguén daba noticía... Alá fomos Enrique e eu. O remate de moito andar atopamos unha canteira de croyos prosmáticos, brancos, cristiños (Cuarzo sacaroide. Si Or). Sentámonos nos croyos. Remexemos n'eles. O seu través vimol-o mundo. O noso mundo tamén. E non o do que di "Todo é según.. etc." (Da noxo). Mundo xusto, cortado a pico contr'a realidade.

No amor as realidades, Dieste atópase o quid da nova xeneración. Amar os feitos i-as cousas e non as teorías –o dito– vagariñentas. Fuxamos d'elas coma do lume. Fuxamos tamén da: "ideoloxía, saudade, ética, fe, alén". Proa a outras ribeiras. Fuxir dos remuíños.

O poeta baixou do tellado. O corvo de Pöe, d'ollos afundidos na noite, –mutación– trocouse en lagarteiro d'ollos de ponta. Astra lle gustan as froles de papés, restas d'allos, culleres... pra pintar e faguerlle poemas. Baixou do tellado pra vel-o mundo. (Porque xa non chora, nin escribe poemas c'unha leición mora-

loide pr'as fillas de María, din os probes diaños que fuxe da natureza. Porque non pon no mundo o espantallo a raudearse do seu "mundo interior" din os pobres diaños que fuxe da natureza).

Casos do noso tempo pra leución os probes diaños.

1. Einstein non consinteu que lle chamasen filósofo. Non. Era físico. Nin máis nin menos. Era d'abondo. Físico = home que condiciona as suas conceiciós a realidade eisperimentable = home fidel as enseñanzas do fenómeno.
2. Morritz Pashdefine, a xeometría como cencia natural.
3. Max Scheler ó ter que falar de materia faino por boca de Weli.

Un contraste.

¿Non dixo Balmes qu-a materia era divisible astr'o infinito? N'aqueles tempos non se falaba de supr'-tómica. Herman Weli e N. Bor ainda non bombardearan o mundo cos eleitrós.

Remate.

A nosa xeneración é a chamada pra escachifollar a casca baildeira das verbas: "Ideaes, morriña, fé..., [en troques de revoar atordoados na casca d'ovo[99] das verbas os novos espíritos cravarán as trompas con ledicias, nos neitarios da realidade].

Rapaces, saimos a descubrir Galicia. A d'onte, a dos poetas, escultores, pintores da raza; a da saudade, rebeldía, alen..., quedou pra mercar –todo a 0,75– medallas nas eispociós nacionaes. Pra que os nosos poetas, escultores, pintores... da raza solten bagullas coma puños. Pra que os críticos –Alcántara, Francés, Méndez Casal, Sánchez Cantín...– teñan tópicos con que lle fagueren o amor as ilustres corporacións, diputaciós, casinos, irmandades..., da nosa terra. Da terra meiga – como eles dín.

Rapaces: o dito.

[99] *D'oo* no orixinal.

SUPLEMENTO DE "LITERATURA Y ARTE"

(HOMENAJE AL POETA LUIS AMADO CARBALLO, EN EL ANIVERSARIO DE SU MUERTE)

En el aniversario de la muerte del poeta

Hoy, hace un año que ha muerto el poeta Luis Amado Carballo, recordándola recrearnos la esencia de la nueva poesía gallega que se ha asturado, finalmente, con él ya que con él nacíera. Luis Amado Carballo poeta de Galicia por la gracia de Dios.

Pura los que en estos instantes nos desvelamos buscando un vivir gallego arraizado en la tierra y rociado por lluvia de todos los cielos, para los que queremos que la cultura gallega adquiera calidades y condiciones de cumbre de montaña: la tierra debajo presenta en su esfuerzo de impulsión, con la presencia que tiene el brazo del barrista en la barra, y las medias cenecjas de los horizontes cuadrupliéndose; para éstos, digo el poeta muerto es un símbolo. Un perfecto símbolo que asumula dentro de sí todas las posibilidades patentes de Galicia.

Por eso esta cita que os doy en EL PUEBLO GALLEGO unos cuentos amigos del poeta no es una invitación a la queja pública ni a la lamentación. No es ésterse de la muerte de Amado Carballo lo que cumple a la literatura gallega, sino gozar de su obra y fecundarla.

No será un consuelo tampoco nuestra vuelta a él sino una exploración, un viaje arriesgado de descubrimiento, porque—amigos—la conquista de Amado es el gran instrumento para descubrirnos a nosotros mismos.

Y no tiene porqué marcharse nuestro espíritu en saudades a la otra orilla, del todo do así están sus dos libros—paterios entre nosotros mismo—"Frores" y "O Gaio", y en ellos la vida triunfa y está en ellos el por nuestro do cada día, —es decir los sudores y las pasiones—hecha pan de todos los días y de todos los hombres, ellos nos indicmican hasta de la muerte.

F. F. A.

POEMAS DE "O GALO"

Canto de Arada de Terra de Montes

O val é un niño quente,
onde de espaldas á igrexa,
por direito de pernada
casase o arado coa terra.

Sementias de milleiros
e montanas cachapudas
¡Terra brava de Soutelo...!

O sol vai guiando ás nubens
coa sua aguillada téped.
Brinca coma un chafarís
o cantar d'unha labrece.

Rube pol-a encosta o vento,
levando feixes de nubens
a carón de Sangolladu.

Ceo e terra están ispidos
como outrora Adán e Eva,
foi a mazá'do pecado
unha nuben volandeira.

Na casira de Vilariño
ao chegala primadeira
fal a bréfema o seu nio

As nenens choulan á comba
coa corda do Arco da vella
e pol-o monte os camiños
fuxen co medo das bibras.

O Sol cera a Millerada
vai segando na ferrán
coa sua foice dourado.

En ringla pol-o hourizonte
coas candeiñas acesas
ventaba a morte do día
a Compaña das estrelas.

Xa saiu a Lua choca
levando o fato das gu
enriba de Pardiñas.

Encol da Terra de Montes
funga o Sol como unha abella
deixando vinchas de mel
escondo pol-as leiras.

O vento cego relouca
vindo de cirolelas e arbore
no casal da Vilapouca.

DESCONSOLO

Deixando a-a fonte a chorar
fuxe o río pol-o quenlle
con pasadas de cristol...
—Ay amante, amante,
¿cándo voltarás?
Será pol-a Pascua
ou pol-a Trindá...

O cantar do merlo
ouírea consolar.
Voltará o amante
ben cedo cicais,
cicais pol-a Páscua
ou pol-a Trindá.
Pon frores no pelo
si é de tei virá.

Contéstalle a fonte
no seu salouciar.

Amores que fuxen
xa non voltarán,
nin pol-a Pascoa
nin pol-a Trindá;
soyo follas secas
outóno m'ha dar.

Ficaban tan soyo
na branca mañán,
o fuxir do río
y-a fonte a chorar.

Luis AMADO CARBALLO.

N O C T U R N O

((Blues))

esta casa es la única
que conserva su fábrica de valses.
La ventana automática
dispara hacia la calle.

Y, herido en un costado,
queda en panne el nordeste
que movía hasta hoy los calendarios.

Ahora que no se puede
dominar la resaca de recuerdos
préstame Vd. sus ojos
para ganar a nado la otra acera
y contar, si es posible,
en este panorama de automóviles
el número de velas.

Más

I will to be happy

Aun llena mis bolsillos la marea más alta
aunque los alalás naufraguen en el banjo
y en las últimas calles
podré contar los metros de estela que me faltan
mientres el viento lleva
su carga de fonógrafos.

Emilio MOSTEIRO.

SEMENTEIRA

A MEMORIA DO POETA LUIS AMADO CARBALLO

Arco da vella,
chegaras a frecha do campanario
é corcaña do can.
Os pexaros, acrbilladas pol-as frechas
(da chabra
pensirada na rayola do sol amarelo,
Desafa'a marea dos ceatros,
e arrecéndo-se agora,
mapas celestes das moreas d'estercs.
(A augnda é unha costelación
no meio e meio do firmamento);
Vai a rolerla do arado
a escribir o seu verso,
que recita o chade murto
no pálpito enmellado do pesaramtré.
Mañán será un día novo
no almanaque do camelro.
Na hréfema do val
non o vece do labrego:
¡El, Marcelo!...

Outeiro ESPASANDIN.

POEMA DEL DIA PERDIDO

En recuerdo de Luis Amado Carballo.

Hay hongos de soledad
jugando a las cuatro esquinas.
Por la ruta de mis caminos
se me fué su compañía.
La tarde se la llevaba
en su aire de plata fina
y yo seguía cantando;
¿cómo que no la veía?
Hay hongos de soledad
jugando a las cuatro esquinas.
El alma salió en su busca
de dolor amarillo,
gritando por todo el mar
su ay de vela latina.
El alma salió en su busca
y no ha vuelto todavía.
Hay hongos de soledad
jugando a las cuatro esquinas.

JESUS BAL.

V I A J E

Para Luis Amado Carballo, a la otra orilla.

A donde van los humos
a donde van los globos de los niños,
a donde van las noches
allí la fuiste, amigo,
Al través de los vientos,
a donde van los silbos
de las locomotoras:
allí la fuiste, amigo.
A donde van los pasos del reloj,
a donde van los últimos camiones,
a donde van las lunes:
¿Dónde te fuiste, amigo?

EDUARDO DE ONTAÑON

De la Asamblea de Odontólogos



1. Doctor Filgueira, de Vigo, presidente de la asamblea.— 2. Doctor Landete, de Madrid, una de las primeras figuras de España en Odontología.— 3. Doctor Florestán Aguilar, odontólogo de Palacio.— 4 y 5. Los doctores Carro y de Santiago, de las primeras figuras gallegas.

Vistos por RIEGO.

Asociación Profesional de Periodistas

SE ELIGEN LOS VOCALES DEL COMITE PARITARIO DE GALICIA

El domingo último se celebró la asamblea general extraordinaria de la Asociación profesional de periodistas de Vigo, con objeto de elegir los vocales que han de formar parte del Comité Paritario de la Prensa de Galicia.

Presidió don Manuel Lourés Rivas, actuando como secretario don Apelinar Torres López y presenciando el acto, como delegado de la autoridad, el secretario del Ayuntamiento don Juan Ballbé Lede.


Por unanimidad, previa votación, resultaron elegidos los siguientes señores:

D. Fernando Martínez Morás, don Sebastián Nieyo Sánchez, don Augusto Barreiro Noya, don Eugenio Díaz Ballo, don Avelino Rodríguez Elías, don Alejandro Rodríguez Veltres y don Julio Ramos Pérez, para vocales propietarios; y para suplentes, don Baltasar Suárez Andrade, don Luis Labadie Depino, don Manuel Valladares, don Manuel Sánchez Marín, don Maximino Sastre del Blanco, don Francisco Sánchez García y don Ramiro Arambarri Abad.

La asamblea transcurrió dentro de la mayor armonía y fraternidad de los periodistas locales, que se hace más patente día tras día en día.

Felicitamos a los elegidos el mayor acierto en el desempeño de su importante cometido.

COÑAC ANTIQUARY
BLAZQUEZ
Antes de anunciarse, entérese usted de la tirada de
EL PUEBLO GALLEGO



Tiempo-luz y sombra

Mano blanca del tiempo
enciende la luminaria
que oriente y abrase
las mariposas locas
de mis impaciencias.

Mano negra del tiempo,
socaba profundidades
a los huesos resecos
de lo que fueron logros.

¡Tiempo! Luz y sombra;
manos puras, perfectas,
que estrechan mi corazón
sin espacio...

¡Tiempo! Luz y sombra
intransigentes, sin penumbra,
filos de grave espada
que parten mi corazón
estremecido...

¡Tiempo! Luz y sombra;
líbrame el alma
en la arista precisa
del choque de los filos.

¡Que resbale untuosa
por el hilo de sangre
en tu largo infinito!

¡Que viva eternamente,
que muera eternamente
en el beso —luz y sombra—
de la aurora y el mar!

Mano blanca del tiempo,
mano negra del tiempo,
¡apretadme esos labios!

F. Rolán Vicente

Costa aberta

Os teus desinios desarbolados
sin alento baixo os luceiros
batidos pol os oleaxes.
A lúa virou a cima
enmallada na moura araña
de este amañecer sacado á sorte.
A costa parteu pol-o medio e medio
o nacente —terra apodrecida—
e o poñente --mar callado de peixes mortos--
Soio un faro proba os novos discos
ôs que fan diagramas antenas
de orellas fanadas.
O camiño caeu n-unha cabana
pra se dormir n-unha noite sin espranzas.

Outeiro Espasandín

INCITACIÓS[100]

Pra García Sabell, co corazon na mau

Universidade. Unha verba [...] Mais por eso mesmo [...] nos labres de cada un o [...] un adarme mais nin adarme menos.

Entr'as xentes de crara [...] esta verba vai adequirindo cada vez maior resoancia. E vaina adequirindo xustamente porque ela, a Universidade, se vai esperguizando pouco a pouco. Os seus [...] escomezan a cantar nas corredoiras cobregueantes. Non é –non vai sendo– aquela gayola na que se movían, perguiceiros, catro paxaros noitébregos. Catro mouchos, poñamos por caso. Tíñanlle teima a luz. Picoteaban os farelos da polilla nos libros vellos. A mocedade, pol-o soio feito de a ser, ou era perdoada ou odiada coa mesma estúpida incomprensión. Non, por Deus. Xa se vai limpando a paisaxe d'agoiros: os vellos fentesmós. Estes fuxen alporisados c'unha cruel sorrisa retorcida na face, ou dando trompicós atordoados na crara luz.

Pro seu sitio chega xente moza de corpo e espírito: xentes batidas nas zafras levantes, de limpo son, da Europa nova. Cobizosas de definiren o mundo, amorosas; con febre de contornos e c'un noxo cinestésico pr'os alardes xesticulantes mordidos na raíz, da velloncada. A Filoloxía, a Lóxica, a Química, a Matemática..., pon a proba as novas musculaturas.

Pero o mais interesante do caso é que todo, ou case todo, se debe as inciativas da xente moza, dos mesmos estudiantes. ¿Canto a Universidade compostelán non debe a media dusia de rapaces? (Non se pode ainda sopesar este esforzo primeiriso, en

[100] En *El Pueblo Gallego*, 29 de maio 1927, p. 11. Entre corchetes indicamos os fragmentos de texto que nos foi imposible descifrar por mor do mal estado de conservación destas páxinas do xornal, malia isto reproducimos o texto íntegro.

plea loita, en plea eficacia.) O mesmo pode decirse de Salamanca e Madrí. Se en eiquí fervía a semente de dous Maestros: Miguel e Francisco. Mentres que en Santiago quedama a osmada de Montero.

Xa probadas as suas forzas os estudiantes –todos– han de ter moito tino no uso d'elas. Un brinco cego non tería xustificación. E precisa boa puntería, bo pulso. E mais agora en qu-a reforma ten que partir de moi fondo, da pedra viva, com'os bos cimentos. Mais agora en qu-o hourizonte s'atopa tecido de lazos.

Moito se ha de ter en conta a convenencia d'un sistema ben coordinado de señaes. Terreo no que se ten feito pouco en nada.

Que chegue a Madrí ou Granada un estudiante ruso –e o revés– coa mesma se [...]

Ademais este trasego de sangre moza de nación a nación daranos d'añadidura a unidade europea. Tan precisa pra nos non deixan ir no río revolto da [...]! Por moito que se diga Europa non foi nunca. Agora escomenza a ser. Poi-os boquetes qu-abreu a metralla baldeirase o pantano dos recíprocos prexuicios e crúzanse señaes de connovencia. O pechar con receiro, as portas o veciño, a suspicacia de anteguerra, froito d'un longo proceso de matinar no encerro, acabouse. Nada importa o layarse de catro nostálxicos; nin as arroutadas de catro resentidos; nin os [...] d'entroidada. As pernas estremecidas dos mozos a cruzar fronteiras e plear camiños, a sua salude d'ánimo e a sua febre de realidades –enténdase ben a verba– irán impondo os módulos de goberno pr'a Europa verdadeira... Moito camiño pr'andar; gracias a Deus. Moitas ganas de camiñar.

Repitamos: Os mozos traballadores e sans toca o sanearen o mundo. A Universidade na nova aceición da verba.

¿Cánta conciencia de sí mesma precisara esta empresa? ¿Cánto tempo de loita ainda co mal estudiante e do mal cadeirádego? Certo. Moi certo.

Pois a eso imos.

Otero Espasandín
Ribeira, maio de 1927

"PROEL" POR LUÍS AMADO CARBALLO[101]

A moitas persoas –unhas de boa outras de mala fe– lles ouvia decil-o mesmo dos poetas novos: Os poetas novos todos se asemellan. Este dito pode pasar se descartal-a mala fé.

Porque a poesía nova, na sua cobiza de se recoller os seus propios dominios fuxen das mixtificaciós car'o estilo puro. E pra diferenciar, pra extremal-os estilos precisase cultura literaria, a agudeza e, mais que nada, un ánimo limpo. Os escritores é mais fácil extremal-os pol-o que ten de maneos literario na sua obra. De ahí esa cegueira do leutor medio pr'as diferencias dos poetas novos. Porque, xustamente, caen na ladeira oposta è da sua comprensión. O leutor medio soio consinte a poesía envolveita na molura d'aneideta, da biografia... do que non é poesía. O que lea con ledicia a Jules Superviell ou a Paul Valery, poñamos por caso, sinte ô ler a Rosalía –poñamos por caso tamén– como s'entrara n'alcoba dun matrimonio. Mais recatado, o poeta d'hoxe deix'a a sua vida detrás da porta ò sair ô agro do poema. E se algunha ves tivera necesidade d'entrar en xogo, daráse un trato limpo, ouxetivo. En troques de se mordel-o rabo, d'amostrar as suas feridas diante d'unha multitude disposta –por morbosidade– â compasión xogará nos lindeiros das puras representaciós, das puras ouxetividades estéticas.

Canto astra eiquí vai dito ven a conto pra falar d'un libro de versos galego: "Proel" de Amado Carvallo. Algunhas opinións recolleitas en conversas con amigos amostran-a dualidade de criterio en canto a sua valoracióm.

Porque –digamol-o agora– este libro e coma unha ponte entre duas ribeiras. Millor é un viaxe d'unha ribeir'a outra ribeira. O leutor, sin se decatar case, pasa co-él da lírica galega domi-

[101] En *El Pueblo Gallego*, 18 agosto 1927, p. 1.

ñante astra hoxe a outra lírica acorde coa modalidade da lírica europea.

Quen queira vel-o contraste que lea de seguida, o poema "Madrigal a Marucha" i-o poema "Faro". E pol-o mesmo, por ser un libro no que latexa o pulso d'un proceso da sua ontoxenesis, se presta mais que ningún outro a estes desacordos. Desacordos de sensibilidade, desacordos d'escola. O leutor vello –enténdase da lírica vella– acolle unha metade de "Proel" e desbota a outra mitade. O revés, o leutor novo agárrase ô libro afervoado ó chegar a parte derradeira. Craro que tanto o primeiro coma a segunda se quedan no âr cando menol-o coidaban.

Quedan no âr, certo: pero no âr a moita altura.

O primeiro saudoso; o segundo, agardando o novo trapecio a que brincar. Unha das virtudes do libro é a de pasar, seguro, â mesma altura, d'unha escola a outra escola, do romanticismo ô arte novo. O seu defeuto é o de non ser unha cousa nin outra, podendo ser calquera d'elas. Poidera coidarse que por ser un libro de "tránsito", había de ser incerto, de tanteo. Pero non: Amado Carvallo camiñou alto, seguro, co garbo do proel qu-e aborda coa mesma seguranza as ribeiras tofos do mapa mundi.

Hoxe ou mañán que se queira falar da literatura galega, este libriño tan mermado de follas, aconsellará o historiador que, coél a cabeza, comece un novo capítulo.

NOVA APORTACIÓN Â LÍRICA GALEGA[102]

Emilio Mosteiro, ainda que nacido en Madrí, é un galego cortado a pico. Fillo de galegos, os nosos hourizontes devandaron as suas olladas mais agudas e sostidas.

No libro "Ancla" –libro d'adolescente, conocido de tod'a mocedade de Galicia– ferven as escumas do noso mar e cambian sutiles saúdos os faros galegos.

Hoxe escomenza Emilio Mosteiro a sua pelegrinaxe pol-a lengoa dos seus maores. Ô dal-a notiza, sentimos íntima seguranza de qu-a nosa lírica –¡tan cativa e avellucada!– s'ha d'estremecer con arelas de virxe ô sentil'a apreixa da man moza d'este poeta.

[102] En *Nós,* nº 51, 15 marzo 1928, p. 58.

LIMIAR A "O GALO"[103]

Luís Amado Carballo –1901-1927– atópase aínda moi perto de nós. O seu pulso latexa coa forza d'hai uns anos nas nosas letras. E por eso, pol-o ter tan perto coido audacioso o intento de o definir dentro do conxunto da nosa xente moza.

Ha de pasar tempo. A literatura de hoxe irá madurando e tomando corpo n'unha persoalidade integral. E logo, ô frente d'unha edición ben ordenada e composta a sua obra, será o intre de señalar, xustamente, o seu posto no noso renacimento.

* * *

Camiño da miña terra –como sua nas veiras de Lérez– dei con él (vran de 1927) n'unha casiña homilde de Pontevedra. Inda que nunca nos viramos os nosos brazos cruzáronse como pra refrorecer unha vella aperta. Falamos de "Proel" –que saíra facía pouco–, da nova xente e das novas ideas encol da nosa terra. El agardaba vivir n'unha escola de montana –quezais pol-o outro Paraño– onde se reporía da saude perdida na bretemosa veira-mar. Comporía libros de romances galegos e vidas de santos. Remataría a carreira de letras. Na rede miragreira da Edade Meia galega enmallara o seu espírito de poeta aldeán.

Aquel mesmo día –¡quen-o dixera!– ô longo das ruas vilegas quedou a madeixa das suas pisadas derradeiras. Non tardou a morrer –él ben-a sentía ir e vir ô redor seu con silenzos de loba– en s'erguer diante d'él, ispida e dura, pra lle segal-a vida coma un xunco.

Vida a sua na que Galicia acochaba un tesouro de verbas risoñas.

***

[103] Luís AMADO CARBALLO, *O Galo*, A Coruña: Nós, 1928, p. 1.

Din as xentes que pol-a veira do río unha moza namorada escoita o ecoar das augas nos valgados e o remorso das carballeiras, soñando n'ese outono de verbas que nunca máis floreceran.

O.E.

DE CATRO A CATRO,
por *Manuel Antonio*, Editorial Nós, A Coruña, 1928[104]

Con este libro de Manuel Antonio a lírica galega, d'un pulo elástico e ben medido, púxose ô par de calquera outra do momento. E tocáballe a este mariñeiro coa pértega do mastro mais esguío dal-o brinco âs extremas latitudes da poesía contemporánea. Porque é él en quen todol-os mozos vemos a ecuación lírica do presente galego e o feixe mais brandido de sanas insumisiós. E Manuel Antonio con este libro –tan inxustamente cativo de aparencia– dou cumprido acougo â nosa cobiza. Sin medo â hipérbole podemos decir que ningún poeta mozo de Castela se pode pôr a sua par.

"De catro a catro" é, antes de nada, a revelación d'un mar non visto ainda por ninguén. Un mar puro, sin ribeiras nin costas perdido entr'as constelaciós. Un mar en coiros e latexante coma unha virxe mercada. Afeitos á un mar convencional –o mar dos mariñeiros na terra– este poema –fidel â sua profesión de poeta e mariñeiro– fainos sentil-o escalofrío das distancias e o lazo corredizo das soedades cinguido â gorxa. Presíntese ô poeta, ô través d'estas páxinas, coa pipa atrancada nos dentes esculcar sentado na proa os confís asolagados d'auga e néboa. Ó lonxe soio gaivotas, soio vagas, soio ronsel e quezais

Aquel veleiro que s'evadeu
pol-a corda floxa do hourizonte

E sempre o mar cerrado sobre si mesmo como una anelo. A terra case non aparece no libro. E cando aparece é case de casualidade ô traspôr un meridián das cartas marinas. O mesmo bar

...ter balances
e tamén está listo pra faguer â vela.

[104] En "Os homes, os feitos, as verbas" de *Nós*, nº 58, 15-X-1928, pp. 190-191.

Hastra o peirán do porto semella soñar no mar adentro, en balances cansados. A psicoloxía do mariñeiro non pode aguental-os contornos tercos das cousas da terra. E por eso no porto soio o prostíbulo e a noite os poden acoller. Xeito artificial de se pôr fora das roitas e das leises e soñar coa alta mar na soia complicidade das vagas e do vento...

Os ecos imprevistos
Do noso cantar sonámbulo
Apagarán os focos da madrugada.

Todo n'este libro é un pleo acerto. Todo él logrado sin truco nin alquimio. Ainda qu-o intre este que vivimos o queira envolver na rede arteira das sospeitas é tal a forza das suas vivencias, tal a sinceiridade d'estes poemas que se non poden falsear os seus miolos de nobre metal. Argolas da cadea da sua vida traballadas co lume mais puro do seu esprito, son estes poemas de Manuel Antonio. Pra algo o libro vai encabezado como "Follas d'un diario d'abordo".

Outra virtude do libro é a de amostrarnos o xeito de laval-a persoa ôs cumes derradeiros da poesía pura. O poeta non desaparece nunca nin siquera cando os pararrayos das imaxes cravan nas nubens as suas puntas de platino.

Fómonos trasbordando
Ao cabotaxe das costelaciós.
C'un faro na man
Cronometramos o pulso das tormentas.

Pero precísase ser un poeta traballado e xenial pra fuxir da vulgaridade d'anecdota e craval-as unlllas nas entranas acesas da categoría estética. A arte non se casa con ninguén. Como dixo Nietzche pol-a cencia "é muller e non quere senon ô guerreiro". E por eso, porque o autor fuxeu â contemplación pasiva pra se dar de cheo ôs seus poemas, é pol-o que cada un d'eles encerra o libro enteiro e o libro enteiro ten a unidade d'un soio poema.

Todo no libro ten a homoxeneidade d'un hourizonte mareiro no que Manuel Antonio, a forza d'esculcal-o nas suas dimensiós pensou este feixe de versos sin igual. O coleicionista d'imaxes ten n'este libro centos d'elas a cal millor. Exemplos:

N-a fasquía dos barcos anónimos
Postos á flote pol-a madrugada...
Mansas vagas unánimes
Reorganízanse detrás do vento...
Non transcribimos mais, senón sería cousa de non parar.

Alguén poidera acharlle a insistenza sobre certos temas e certas verbas. Entre éstas, ronsel. Pero cando esta verba aparece –e o mesmo as outras– está pleamente xustificada pol-o acerto do seu emprego.

E perdeuse pol-a popa
Desamarrado
O ronsel...
O navío coas maus trincadas
Vai borrando cos pés o ronsel.

Estas imaxes abondan pra elimiñar calquer recelo miudo. Mais hai n'el dous detalliños cos que non nos atopamos d'acordo: cos versos populares qu'o autor pon entre uns versos seus e c'unha chamada na que define ô seu xeito o mar adentro. Manuel Antonio é o polo oposto do popular e tamén do cadeirádego d'insituto. Cando se faga a edición co libro mére agardamos que nos compraza o poeta rianxeiro.

AS PROMESAS GALEGAS: A NOSA ESCOLA [105]

Por *J. Otero Espasandín*

Cando penso no que pra mín puido sel-a escola e non foi, nas forzas e arelas da miña neñeza que puido guiar e despertar, doume conta do que unha boa escola sinifica pra o adianto dos povos, pra a felicidade dos homes. Cando me poño a lembrar a miña vida de rapaz n'aquela aldeíña da montaña galega por onde brincan as augas cristaíñas do Lérez entre seixos e ameneiros, xurde a escola como o mais probe, cativo e ruin.

Saiamos â mañán cedo da casa nenos e nenas, polos carreiros entre ferrans xiadas, c'unha bulsiña de dril na que levábamos un manuscrito de Calleja ou Paluzíe, un catecismo Astete, e uns pregos de papel cheos de borrós de tinta, letras ensarilladas que nada decían, e un anaco de broa pra a volta; pasábamos o río fomegante no medio da néboa, cantarín como unha moza madrugadeira camiño do moíño. Ao cabo d'uns tres cartos d'hora, co peito encolleito de medo, chegábamos â porta da escola c'un vago presentimento de que o maestre –ou a súa muller ou os fillos– íannos recibir a palmetadas, pol-a tardanza, por no leval-as orellas ben lavadas, ou por non sabel-o catecismo. Os que ían no silabario ou no catón, sentábanse nun banco dos que daban a volta âs catro esquinas do local, nun sitio fixo, sen se poder estirar as pernas nas tres horas que duraba a clase. O chan era terrizo, húmedo. Nós tíñamos os pes mollados; había quen ía descalzo, quen levaba uns zocos rotos nos que entraba e saía a auga como nun cribo. A forza de tel-o libro collido pol-o mesmo sitio rompíase e borrábanselle as letras; nin que decir ten que pra pasar d'unha folla a outra eran precisos meses d'escola, cando non anos. Aterecidos, encolleitos de frío e medo n'aquel currun-

[105] En *Nova Galiza* (Barcelona), nº 14, 8 xaneiro 1938, p. 4. Reprodúcese en *A Nosa Terra*, nº 457, novembro, 1947, no que, como indicamos en nota a rodapé, se suprimen algunhas frases.

cho frío, escuro, pensábamos minuto a minuto no tempo que aínda quedaba pra brincar fora d'aquel inferno, correr camiño da casa, xogal-os botós da roupa, comel-o pan de maíz que levábamos na bulsa entre os libros, as plumas, os palotes.

Fora de xirós de recordos como iste, eu non lle debo â escola nada como non sexa saber cantal-a táboa de multiplicar e faguer despois de moitos anos unhas operacións inacabables, sen ningún vencello coa realidade próusima nin lonxana. Oxe non me explico cómo puiden manter un cego amor aos libros, sobre todo aos de matemática[104], cómo puiden chegar a vivir ateazado pol-a idea de penetral-os mais sotiles segredos do cálculo. De haber tido unha boa escola primaria, unha boa escola Normal e unha boa escola Superior quezais oxe poidera ser un investigador capaz de ofrecer ao mundo algunha idea orixinal no campo mais puro da Matemática ou da Mecánica.

A escola do meu tempo de neno está case enterrada e quezais no valla a pena recordala. Ao traguela a conto non é que me propoña un fito negativo, senon todo o contrario: quixera deseñar o que a escola pode ser na nosa terra, sobre todo nas pequenas aldeas do interior e da veiramar. Mais aínda así, o tema resulta moi ambicioso e un pouco fora do intre que vivimos. Abonde dicir pol-o d'oxe que non se pode dar un meio máis comprido pra o desenrolo das novas ideas sobre educación que o noso.

A partir do galego que falamos desde nenos podemos chegar a descobrir os segredos de calquera outra língoa neolatina. Temos un folklore rico; manifestacións artísticas nos mais homildes ofizos; unha economía moi inxel e completa que se ispresa nos mercados e nas feiras. Non hay manifestación esencial da vida que non apareza rexistrada na vida cotián galega con toda craridade. O mar métese agarimoso pol-o leito dos ríos

[106] "cómo puiden manter un cego amor aos libros, sobre todo aos de matemática"suprímese en *A Nosa Terra*.

como se quixera leval-os seus dons ao regazo das verdes campiñas do interior ou como se buscase meternos no peito o seu espríto aventureiro e inquedo. Eisí se exprica que en Ourens, en Lugo, ou en calquera outra cibdá do interior se vexan os mariscos vivos ainda, mollados coa auga do mar. Nos nosos montes viven os lobos e os osos, o xabalí e a marta. A laranxa, o limón, medran pol-as veiras da ría de Vigo e Pontevedra que é un primor. Os montes chegan â veira do mar co garbo aventureiro das serras que van pra lonxe. O neno ve sementar o liño, ve como o arrincan, como o levan ao río, como o mazan, espadelan, rastrillan, fían e tecen. Ve como a manteiga xurde do leite branco que pule o lombo dos becerros, como as sardiñas saen do mar e son pechadas na lata e saen camiño a Francia e outros países. Quezais seu pai estivo en Terranova moitas veces pescando bacalao, ou nas costas de Islandia en precura do bonito ou cargando madeiras en calquera porto do fondo do Báltico. Toda a economía do mundo late nas veas galegas por unha ou outra razón. As minas de carbón dos Estados Unidos, os pozos de petróleo de Venezuela, as fibras textiles de México, a carne en conserva das pampas arxentinas, os balnearios de Honolulú, as factorías baleeiras de Alaska, o caucho do Amazonas..., todo treme no sangue dos nosos homes, nas xarcias dos nosos bergantíns.

Por todo isto e moitas cousas mais que é imposible numerar, pode a escola da aldea mais pequerrecha de Galiza sel-a mais rica do mundo enteiro. De[107] todas istas cousas, rematada a guerra, que empobreceu Galiza, sobre todo en homes, será hora de falar, e mais que falar, obrar.

[107] Esta última frase non se reproduce en *A Nosa Terra*.

REIVINDICACIONS GALEGAS[108]
A FALA I-O HOMES
Por *J. Otero Espasandin*

Duas direicións fundamentaes podemos siñalar –ben nidias desde o premeiro intre– na loita dos galeguistas por unha amplexa autonomía. Uns víamos n'ela o xeito de dinificar a língoa rexional como un dos modos primordiaes de restituir ao labrador e ao mariñeiro o sentido do seu propio vales, da sua dinidade desfeita por un castelán mesto, de curial, usado como medio d'ispresión por unha burocracia somisa ao cacique, docil istromento seu. O castelán servía para acorralar ao labrador, para entregalo cinguido de pes e mans aos desaforos da lei, sempre desviada a favor das crases privilexiadas, non somente pol-o seu orixe, senon pol-os intérpretes encarregados de aplicala âs realidades da vida rural. De tal xeito o castelán legal tiña marcado a sua impronta na carne campesía, de tal xeito valéndose d'él, o caciquismo trastocara o orden das estimacións humáns, que o galego incapaz de se ispresar en castelán levaba n'él un fondo conflito d'inferioridade. Fuxíase de falar galego como quen fuxe de levar un seño infamante; a rapaza de servizo ao voltar ao seu povo, tiña vergonza de falar galego; talmente lle pasaba ao indiano. Era preciso poñer a careta do castelán pra se sentir persoa, pra alternar coa xente de "calidade", pra faguer cara aos desmáns da lei. Calquera probe diaño que por calquera circunstanza falase un castelán sen tacha, tiña xa unha ventaxa frente ao campesiño incapaz de choutar fora dos moldes da lingoa nai.

Por outra parte o galego que é que mais ten mester d'unha plea confianza en si mesmo, por ser o mais forzado âs aventuras. Necesita sentirse dono de sí mesmo, con fe nos seus propios destinos pra faguer frente a unha vida azarosa â que ten de lanzarse por fondas razóns económicas. Galiza é un pais empobrecido por

[108] En *Nova Galiza* (Barcelona), nº 15, 1 febreiro 1938, p. 3.

unha política de rapiña, pol-a incultura fomentada por unha economía rudimentar e embrutecedora. Para se librar das trampas –na que o mergullan os tributos e os pleitos– o galego ten que emigrar a todol-os paises onde faga falla un traballo rudo. Pode ser "siringueiro" na cunca do Amazonas, fogoeiro na mariña de guerra norteamericana en tempo de maniobras, carrexador de moella na Habana, segador en Castela, canteiro en Navacerrada ou nos Pirineos. Si é da veiramar todol-os mares lle son coñecidos, todol-os productos terán pasado pol-as suas mans desde o petrolio ou té ou a seda, desde a madeira âs salazóns. O galego é por todo iso o home mais universal que eisiste por imperativos económicos e o mais limitado en canto a reclamar consideracións, pois decote non cree moito en sí mesmo nin se estima.

Pra lle restituir a fe primixenia en sí mesmo era preciso soerguer a fala galega, para así desarmar o arroallo señoritil, parásito do esforzo diario do traballador. Despoxado da máscara do castelán, como dos seus esbirros e escribanos, o sinistro poder do cacique deixaría paso â forza natural dos valores humáns, e o campesiño da aldea mais arredada non se sentiría desmedrado, senon na sua xusta medida, frente ao funcionario, o crego, o estudante, e non tería porqué se someter âs suas arbitrariedades. Certamente quedarían outras cadeas a cinguilo, mais fortes, si se quer, ainda; pero nunca mais irritantes. Non éramos tan inxenuos como pra ver ligada ao emprego d'unha língoa, por entoñada que esté no esprito, a felicidade d'un povo como o galego; pero teríase dado un paso xigante.

¿Constituiría para nós un fito derradeiro a revalorización do idioma galego? Aquí dividíanse o criterios e as duas direicións ditas ao comenzo estremaban a sua mutua contrariedade. Para os que poíamos a mira na redención económica do povo –que é a redención básica e urxente– a língoa galega non era un fin en sí, non era preciso forzala artificiosamente a competir con outras língoas. Entendíamos que o seu destiño resolvíase, andando o

tempo, en esferas de realidade alleas â vontade das persoas; a sua comprida razón de ser –e o noso respeto e amor a él atopábase, ante todo, no feito da sua viva existenza– a partir do galego como realidade primaria, como medio inmediato d'ispresión, podíamos e debíamos chegar ao coñecimento do castelán, non adeprendido superfizalmente, tal como se reflexa n'unha gramática académica, senon a fondo, como a un organismo vivo, como a un ser en proceso. O galego como língoa do mesmo orixe axúdanos a entender un dos intres de mais engado e vitalidade do castelán e a comprender a sua hestoria; así, ainda sin sermos filólogos, estábamos en mellores condicións que os casteláns pra entrar a fondo –pol-os vieiros d'unha hestoria viva pra nós– na língoa do Alcipreste e de Cervantes; en troques, o castelán podíanos dar seguridade e agrandarnos o hourizonte no coñecimento da nosa língoa nai.

Mais outros galeguistas matinaban d'outro xeito. Era preciso, pra eles, arredar o galego do castelán ainda que houbese que descastalo, impor a manía diferencial por enriba da natureza e da hestoria da nosa língoa, chegando n'ese vieiro âs mais choqueiras improvisacións. Ollábase ao galego como a unha criatura divina inxustamente eclipsada por outra criatura, xa que non diabólica, menos divina que o galego. Fixeran d'él un ídolo e adorábano coa mesma caste de devoción que rende un polinesio aos seus fetiches. Esa aitude non era, certamente, todo o superstizosa que ao primeiro ollar poidera sospeitarse. Non faltaba quen vise no galego un xeito de faguer sobresair a sua escasa persoalidade literaria pra mercar con ela, chegado o caso, unha cátedra de castelán o un lectorado no estranxeiro. Non deixa de ser curioso que os que chegaban a faguer un rito escrupuloso do seu galeguismo e tiñan sempre nos beizos a verba desleigado pra quen no'os seguise na estreitez da sua teima, teñan pasado de enxebres a "castizos" e falen oxe pol-as radios facciosas, a un povo asoballado e encarnecido, da grandeza do tirán que lles

prohibe o uso do galego e imponlles suma reverenza pra a xerga marroquí e pra o arroallo cuarteleiro e infatuado con que alí zoan as língoas dos imperialismos invasores.

Pra nós –d'aquela como agora– a reivindicación da fala galega leva aparellada a do home galego, a de Galiza en canto povo; e mais que un factor d'aislamento é pra nós un pulo poderoso e un vieiro natural cara â universalidade i â libre convivenza. Toda a cultura é unha viva e lograda exteriorización do home, un medio ao seu servizo e un fundamento de comunidade. A nosa fala, que é un feito cultural dos mais lexítimos, avencellado âs tradicións hispánicas e europeas, non pode convertirse n'un ouxeto de culto supertizoso, toscamente isolado, senón que ha de servir, pol-o seu celme e pola-a sua estirpe, â dinificación do noso povo, ao seu benestar e ao seu porvir.

// LITERATURA Y ARTE //

EN EL CENTENARIO DE GÓNGORA

Esta año de 1927 lleva en sus entrañas un sabroso motivo de conmemoraciones. Y eso es tanto como decir que de él pueden nacer grandes cosas. El contacto con una lejana, gran época, o con un gran hombre pretérito, es siempre fecundo para el hombre actual.

Hoy esta página de "Arte y Literatura" se alza estremecida en la conmemoración del tercer centenario de la muerte de Don Luis de Góngora y Argote. Ella, que aspira a captar las mejores esencias del mundo intelectual y artístico y ofrecerlas al público exclusivo, no podría pasar en silencio por estos días en que el mundo de las letras rememora con la más pura cordialidad la figura agigantada de día en día del poeta andaluz. Y ya que de momento no podemos ofrecer algún detenido estudio sobre Góngora, invitamos a todos nuestros lectores a leer atentamente sus versos, guardando cuantos minutos de ellenado les sean necesarios, para saborear la dulce miel y el fragante limón que atesora esa obra que tanto influye en las actuales generaciones poéticas.

EL ARTE Y EL EROS

A Eduardo Dieste, con motivo de su libro TERSO.

I

Durante mucho tiempo el pensamiento se habituó a no considerar sino dos modos de conexión del espíritu con el mundo: conexión lógica, de conocimiento, y conexión práctica, de acto (dando al acto una significación finalista). La misma división orsoiana de la filosofía del espíritu —según estudia la actividad «teórica» o la actividad «práctica», y agrega una tercera— niega al fenómeno o al noúmeno.—a) Estética (doctrina de la intuición), Lógica (doctrina del concepto). Economía (doctrina de los fines) y Estética (doctrina de la realización de los fines), pide fuera de su cuadro algo que me parece fundamental e irreductible: la actividad «amorosa» del espíritu. Según que se dirigiese al fenómeno o al noúmeno, yo llamaría a su estudio Erótica (doctrina del amor), o Filosofía (doctrina de la realización del amor o, según la definición de Ortega y Gasset, ciencia de los valores).

II

La belleza es para Croce «expresión» (= intuición)» «lograda»—sin atender a sus «valores». Tradicionalmente se ha dado en esos valores donde se ha hecho residir la belleza; y ha sido a la merced de la belleza (considerada ésta como conformidad a un orden de valores) a la que se ha llamado Estética. Creo que podríamos llamarla «Estimativa estética», o ciencia de los valores de la intuición (o de la expresión—o de una y otra al no ser idénticas).

III

Llama Simmel bellezas supra-estéticas a la armonía entre las exigencias de pura forma y las de una teleología exterior a una forma. Cuando Simmel habla de «exigencias de formas», se refiere, sin duda, a las imperativas de aquella estimativa. Cuando habla de bellezas supra-estéticas, se refiere a la forma que, dentro de tales exigencias, logra, «por eso mismo», insertarse en la «forma de la individualidad», de otra suerte: a la forma en que se cumple una íntima y libre síntesis de la Economía con la Estimativa estética (sin que una ni otra queden contrariadas en su esencia por esa corriente de recíproca unidad).

IV

Los alfareros, los oradores (entre estos dos ejemplos—muy sobre, no lo niego—de dramaturgos) y los contemplando-res del mundo como armazones juego de finalidades, nada tendrán que oponer a la doctrina de «El arte». Ya tampoco tendrá nada que oponer y sí sólo, en nombre de los demás artistas—los que no son alfareros, oradores, etc., «algo que añadir». Y es esto: así como una obra de arte—un vaso, por ejemplo—entra en comunicación con el mundo y pasa a formar parte de él mediante un acto finalista, puede también lograr esa comunicación haciendo que el mundo forme parte de ella. Si lo primero es una función ideológica, lo segundo es un acto amoroso, no de orden noumédico—como en las exigencias de pura forma—sino de orden fenomónico o, según el lenguaje antes establecido, de orden «erótico», en virtud de una Erótica estética, paralela a la Estimativa estética (antes concebida, a la vez, en la actividad amorosa y en la intuitiva).

V

Permitidme algunos aforismos sobre dicha actividad depende de la claridad de lo ya dicho.

I.—Crear es preferir.

II.—Preferir es un sistema «organismo» de preferencias.

III.—Una obra de arte es una «revelación» de valores.

IV.—La tabla de valores estéticos que se resiste a ser encasillada por las revelaciones del arte, se llama «anadiomena».

V.—La música es la creación del amor sin amado, el amor emplazándose en el mismo. Puro estilo de preferir, sin «preferir de».

VI.—¿Y la música descriptiva? Sí, una sucelización de afueta para que, al fin, la pura estimativa se complazca en el interior.

VII.—La arquitectura es música de piedra. Pero ¿quién es el músico? ¿El mago—las leyes de su fuerza—o el arquitecto? En ese equívoco está una de las notas definidoras de la arquitectónica.

VIII.—El llamamos «mundo circundante» al que se halla en inmediata relación teleológica con nosotros —«circunstancias» para facilitar aquella relación mediante abreviaturas—, la pasada poesía es el juego de intuiciones — y valoraciones concomitantes—que se ejercitan en el extramundo de aquel mundo.

IX.—Se llama especialmente poesía a la que «lo puede expresarse—o no por de expresarse nunca— con palabras. La poesía en las demás artes acostumbra a llamarse «encanto».

X.—¿Cabe pensar si resistirá el encanto en un amor indiscernible, y éste en el vértice de la individualidad. Ese vértice se halla fuera de la «sociedad» entendida como juego del mundo circundante.

XI.—¿Cómo podemos participar del encanto que no es nuestro? ¿El estudio de ciertos mecanismos formales pertenece a la Erótica?

XII.—Dice Maurice Denis: el cuadro es «una superficie plana cubierta de colores ajustados a un cierto orden». Recíproco Eduardo Dieste es «Terso»: «superficie plana cubierta de colores «desbordada» de los reales.

—¿Por qué deducidos de los reales?

—Por solidaridad con lo "fenomónico", para incluir la obra en la rosa armonía del mundo; para hacerla partícipe de la belleza supra-estética de orden amoroso; en suma: por el imperativo del Eros.

R. DIESTE

No es necesario que todas las preguntas hallen su respuesta. Basta con que se formulen las más importantes. Pues ellas son las que en cada generación exigen el tributo de todo gran es.) tu.

HEBBEL.

IDILIO

A Florentino Cuevillas.

A reparga d'olindas
fondas e rosas naturáas,
está asomada no monte
agarimando as ovellas.

A miña alma
está pastoreando estrelas.

Os ollos da reparga
desfrían bágoas nas herbas,
o fan un rosoel de rosas
de homildes rosas bermallas.

Están as miñas olladas
agarimando as estrelas.

Pol-os camiños camiñan
as langas somas estrollas,
e, somas que somas frolas
a moss corda as ovellas

As mans miñas
están a pajpar estrelas.

A reparaiño lonxano
non exxisten: parpadexa.
A gaita afogo o seu ritmo
no seio de corla inmensa.

A miña alma
está pastoreando estrelas.

AGUSTO M.ª CASAS.

JUAN GRIS

Juan Gris, uno de los más altos valores ibéricos, ha muerto hace días en París. Con Picasso, representaba la influencia—la más decisiva—de España en el cubismo. Al aportar una pura intelectualidad a la pintura, bajo una limpidez de retina pictórica como nunca había tenido artista alguno. Hoy el que más y el que menos de los pintores cubistas y postcubistas le debe alguna cosa, mucho en mejor verdad. Todavía joven, deja un fuerte testamento para los pintores de hoy.

La página de «Arte y Literatura» de EL PUEBLO GALLEGO se suma cordialmente al dolor que sacude a la inteligentalidad de todo el mundo ante la muerte de Juan Gris.

La cultura trena caminos rectos. Pero los caminos sinuosos sin provecho son para el genio.

WILLIAM BLAKE.

Toda la correspondencia diríjase a "Página de Literatura y Arte" Redacción de EL PUEBLO GALLEGO en Santiago.

GIRASOL

Un libro del doctor Novoa Santos

De cuando en cuando — siempre muy de tarde en tarde para nuestra curiosidad—el Dr. Novoa Santos nos da en las páginas de un libro el reflejo de su vida interna, del discurso de su vida interna. La mano siente siempre al tenderse hacia el libro, plegado, de Novoa Santos un agrupamiento de urgencia; y los ojos galopan por cada página desgarradora hasta la sensacional. No sé porque, se espera en cada libro de Novoa Santos la revelación, una revelación de sentimiento claro como un magnesio. Yo—amigos —aguardo cada libro de Novoa Santos con la fruición imperiosa que se aguarda en el plano del mar desierto y pintado de azul la animación de una vela blanca en que pondrían la bandera del pensamiento ondulante a todos los horizontes.

Pero, Novoa Santos es médico y se queda siempre con el secreto final intelectualizado al enfermo en la sutura. Esto es su último libro "El Instinto de la Muerte", visita de médico, que suscita, observa, analiza y se pierde el secreto quizá del diagnóstico. La vida de clínica le hace tratar al lector un poco como a enfermo, del retire cuidadosamente lo que pueda herirle, apresúrala a incidas frecuentemente en el consuelo. Y algo de visita apresurada tiene "El Instinto de la Muerte". Novoa Santos a más de un tema interesante se contenta con pasarle la tarjeta, y seguir de largo.

La preocupación del médico frente al enfermo obnubila un poco las dotes de escritor y de artista del autor. Al lector le oscurece, o por lo menos engrasa, la agudeza triangular de las observaciones psicológicas.

La prosa del Dr. Novoa Santos tiene una madurez cernida y espesa como de fruta. Es jugosa y guarda en cualquier esquina, inesperada, bellezas de incantadores dicción. De entre el cubismo Maradón, Pitalúga, Lafora Novoa Santos, es desde luego este último el que escribe con más gracia—Gracia Pendiz—y el que posee un lenguaje de más bellas modalidades y entonaciones. Porque Novoa Santos es tanto un gran escritor como un gran médico.

Necesitaría el admirado profesor para sus libros un poco más de tiempo dedicado a actividades ajenas al enfermo. Y un mucho más de tiempo para el engranaje literario del día y escuchar por los mostradores libros. Novoa Santos podría dar luz en muchas de las más obscuras cuestiones de hoy con sólo percibirlas. ¿Con qué goce nosotros le veríamos frente a frente con algunas inquietudes que nos perturban! Hay que esperar, con una esperanza agustiña, a que el Dr. Novoa Santos suministre un poco más de tiempo a los enfermos de cuerpo para fresco entregarnos a los que tenemos fruición del fruto de su espíritu. Y entonces llegará la revelación que esperamos todos los que conocemos al ilustre maestro; entonces nos abrirá su sabeirito!—como dirían Unamuno.

Mientras, lector, apoya unas horas los ojos en este libro "El Instinto de la Muerte", libro interesante, rara cosa.

FERNANDEZ ARMESTO

Los detractores de la corruptibilidad merecían ser cambiados en estatuas.

GALILEO.

ESQUEMAS E LEMBRANZAS

O probo tallicidio fai un solio heurinzale. Espallada, nú, singre, xocmatrizo: o muro do convento cha unha pedras dispostas fai sigros por as canteiros qu-endexamais volta a ser pra franquexar cas-as vellas vibrados as do mundo saqui misteriosamente pechado, do interior—. si (ben saques a parede do xardín arrexcendente n-nos vertedeiro do terrón, cercado pol-a lírica femenidade das glycinas—. Mais o tallicto ben sube ma-ios pedras ledien a sua primaveira. Pendurna-se-esta os timpos lezenia do luar i-un sol mozo brincadeiro, persegue a sombra cada serán mais amarela e máis pequeno. O folleto gadoa horas marelas ollando á simpre i-eterna traxedia vegetal no cerramio do muro.

* * *

Hai moita xente pregoando a necesidade de fazer de Galiza un-a esmeraldo solio verdexente de lameiros. Que non dispoñemos da suma terreva máirica pra-a cría dos viños, que s--erra-n o-ero enrregado de zeos chás que s-outrora os ingreses de Lancashire durmiron baixo as rrosas oliveiras de val miñoto, proba d-un calore que hora non-os deixou sispi... Non cesde qu-os peisanos sexan todos parvos; agora volto da feira do seis i-all no trollo d-homes e bestias, arrogantan-se os fabricos de barbados, feixes carros e-as finas cabeleiras das rabizas lixadas pol-a terran mollada. Os labregos mercan-as e carreguen-os montón n-os carros, nos automobres, en bestas, ó lombo. Van radiofatiga-a enérxica esperanza durmidenta nos espallos palitruxos. Pois saben coma devellas ó suco trabullado renovarán as follas mais secas da vexetación

I

Pontes do Lérez

Pontes do río Lérez,
feitas de ceo e pedra:
lévovos no recordo
sempre ledas.
Firmes pontes,
brincode orela a orela,
maternos brazos
da ialma da Galecia:
comigo andades sempre,
as meniñas dos ollos moi abertas
cara ó lonxe do tempo
e das estrelas.
Inverno tras inverno
ferven as augas nas vosas estribeiras,
e pouco a pouco anéganvos os ollos.
Mais a invernía pasa, a seca
volve, volve o ru—ru da rula,
as anduriñas, o cantar das labercas.
Pontes do río Lérez,
onde os ventos xostregan,
onde morden os lazos do xaneiro
e tamborilean as sarabias marceñas:
vin polos vosos arcos,
pontes vedras,
xurdir castelos de xacinto,
meigos arcos da vella,
o foguete do martín pescador,
a frol das ameixeiras...
¿Qué dedos vos teceron?
¿Foron dos anxos ou das meigas?
Por enriba de vos,
como as augas eterna,
pasa e volve a pasar de noite e día
a ialma de Galecia,
ora feita alalá, ora aturuxo,
conto ou lenda,
mentras nas augas dondas
—río abaixo de vagar ou de presa—
bailan todas a unha
as vosas pedras.
Por enriba de vós pasan as nubes
en recuas ou en greas,
enche e devala a lúa
as mareas;
a madeixa do tempo, á veira vosa,
fai se escuma e area
de puro croio; as campás
de Cerdedo, de Quireza,
Tenorio, Viascón,
de Dorna e Pontevedra,
cantan, rin, choran,
recordan, rezan,
e, ó cabo, morren
de vellas:
e vós, pontes de Lérez,
vestidas de liques,
xaramagos, cróqueles, hedras,
ahí estades, vivos soños
entre o ceo e a terra.
Qué ben se soña, mozo ou vello,
sentado á vosa orela
en tanto cantaban os moiños
e alén das nubes quedas
do serán, na gaiola dos ceos,
unha a unha acéndense as estrelas...
¡Quezáis un día, pontes da miña infancia,
volva a escoltar o merlo á vosa veira!...

APOLOXÍA DE RAFAEL DIESTE[109]

Adico estas liñas a Carme Muñoz, a miña condiscípula en Madrid, a miña hospedeira en Barcelona, despóis de que o meu transitorio fogar fose arrasado polas bombas facciosas, e paciente lectora dos orixinais dos meus libros e traducións publicados pola Editorial Atlántida, en Buenos Aires.

Nunha carta chegada da Coruña hai cousa dunha semana, mándanme, nin máis nin menos, que escriba un artigo en galego respecto de Rafael Dieste. Chegou a orde xusto cando tiña, e sigo tendo, as mans feridas dunha caída nun barranco pedregoso ó querer brincar, case de noite, dunha banda á outra. Mais o das mans, aínda sendo cousa seria, non o é tanto como as feridas da cabeza. Estiven tentado de dar "a calada por resposta", pero o mandado por vir de quen viña, non se podía negar. E así é que boto enriba unha tarefa non esperada, e cecais superior ó meu caletre a ás miñas forzas: a tarefa de escribir algo que non deshonre a quen tiven e teño aínda polo meu mellor amigo, Rafael Dieste, a quen hai pouco nos arrebataron as Musas, ou tal vez o mesmo Zeus. ¡Quén sabe! Supoño que no Olimpo nada que valese a pena quedaba xa por decir, e as Famas aconselláronlle deixarse de lerias e escoitar o que se decía por estes mundos, o que decía e escribía o Dieste de Rianxo.

Recordo ben –e isto asómbrame a min mesmo– a primeira vez que vin a Rafael. Vino pasar pola Rua do Vilar, en Santiago, mediada a segunda década deste século. Non pido que o lector me dea creto, porque a cousa tamén a min me parece milagreira. Ía Dieste cun estudante a quen cheguei a coñecer tamén máis tarde na mesma cidade. Pasou como outro estudante calquera, mais aquel mozo mostraba un "cuño", unha fasquía, ó mesmo tempo natural e distinta. Tomeino por un mozo mariñei-

[109] En *Grial,* 78, "Lembrando a Rafael Dieste", 1982, pp. 470-474.

ro do Norte de Europa que cecais desertara do barco en calquera porto veciño, ó mellor en Vilagarcía. O indumento, o xesto, o aire, o paso, a gravata case boiante, todo era diferente e todo converxía en... ¿Dieste? ¿Home de mar?... Home de mundo e home moi definido. Libre, atento, amigo, dono do mundo, pode que sin ter un carto no seu peto. Así o sentín daquela. E aquel mozo non se me esqueceu, quedou en min vivo, enteiriño, ledo, certo do seu destino.

Pasou pouco tempo, lin nunhas follas impresas, que cecais quixeron ser unha revistiña de adolescentes, un par de páxinas, unha especie de poema firmado polo estudante que acompañaba a Dieste –nome este que eu nunca oíra–, seguido doutro poema firmado "Dieste". Este segundo poema, ó contrario do primeiro, gustoume. A linguaxe era limpa, directa, segura, carente de énfase. Para min tiña además o mérito de declarar o nome dun mozo de quen gardaba o semblante na memoria.

Non sei cánto tempo pasou desde entón. Un certo día, xa soldado, vin trasladado a Melilla co Batallón. Expedicionario do Reximento de Zaragoza, sito daquela nun cume pelado, reseco, onde só medraban as esparragueiras silvestres, cardos, silvas –destas non moitas– e outras xeófilas que case nunca chegaban ós xionllos. Ó chegar á tenda da Primeira Compañía saíron vernos os soldados e, entre eles, estaba Rafael Dieste. O seu uniforme borrara o encanto da vestimenta que tan ben lucía nel cando o avistei en Santiago, mais a sua cara, o seu mirar e aquela amistosa franqueza eran as mesmas que eu levaba no recordo. E desde aquel día fomos amigos para sempre, repito, *para sempre*.

Poucos días depóis faloume do seu irmán Eduardo, quen, a pouco de colgar a sotana, dera ó prelo *Leyendas de la Música*, libro premiado e editado pola Biblioteca de Autores Gallegos. Algo máis tarde, e a consecuencia dunha arremetida contra o cacique local, Eduardo emigrou a Uruguay, onde de alí a moito souben que nacera.

Todo aquelo deixou en Rafael Dieste, entón un neno de poucos anos, unha marca nunca borrada. (Estando logo en Buenos Aires, Dieste reeditou algúns libros de seu irmán Eduardo, e eu tiven o honor de escribir a introdución para un deles).

A carreira literaria de Rafael Dieste principiou e acabou en Galicia. Se non erro, o seu libro primeiro foi *Dos Arquivos do Trasno*, un libro de contos sin par na lingua galega, impreso en Vigo, no obradoiro de "El Pueblo Gallego", onde Dieste traballaba á sazón. E, ¡miseria de tempos!, anque o libriño, que foi moi celebrado, só contaba con oito pequenos contos, 46 páxinas, e Portela Valladares, o fundador do Diario, figuraba un gran señor, o importe do prelo foille descontado a Rafael con teimosa periodicidade do seu menguado soldo mensual.

Ó ano seguinte (1927) estabamos ambos a dous traballando xuntos, adicados ó ensino en Santa Uxía de Ribeira (el, además, seguía escribindo artigos para o mesmo xornal de Vigo). Un bó día díxome que estaba canso de aquelo e que ía descansar á sua casa de Rianxo. ¡Quén me diría que dous meses despóis sairía do prelo, en Vilagarcía, a sua donairosa *A fiestra valdeira*, moi ben estampada!

Mesmo se pode pensar que os ventos de Ribeira fecundaron a Musa de Dieste, e chegado o momento do parto, este marchou á sua vila natal para dar ó mundo tan xentil comedia. (Non se esqueza que os ventos fecundaron tamén, segundo dí Homero, a famosa Podarga). Pénsese que en Rianxo –anos despóis, 1935– representouse *A fiestra valdeira*, dirixida por Dieste, e a representación fixo época.

Hai moitas cousas que decir e que contar deste rianxeiro, deste galego, deste español, deste escritor, deste home de mundo no mellor sentido da palabra, sin deixar de ser galego nin rianxeiro de cepa. Coñecín a seus irmáns Eduardo e Enrique; coñecín a sua nai, dona Olegaria, e aínda hoxe cando penso nela sinto

desexo de axionllarme. Foi nobre, foi heroica, foi nai, e direi aínda que foi santa. Os seus fillos espalláronse polo mundo, e anque non a esqueceron, loitou soa en silencio e con sublime heroísmo a prol da felicidade deles...

Dieste deixounos un labor literario de aquilatada calidade. Hai que o estudiar ben, coa mente clara, co corazón limpo. Sin miopías nin vulgares esaxeracións. É necesario tamén sacar á luz a sua liñaxe. ¿De ónde veñen eses Diestes? Hai algúns meses atopei aquí, a tres leguas do Capitolio, na casa dun amigo, un uruguaio apelidado Varela, nin que decir ten, un galego. Estaba seguindo un curso sobre as aplicacións dos ábacos electrónicos ó censo ou amillaramento das poboacións. De contado empezamos a falar como se estivésemos en Noia, e os Dieste e Rosalía foron o miolo da nosa conversa. Coñecía ós Dieste uruguaios e díxome que a igrexa que o arquitecto Dieste fixera no Uruguay era xa famosa todo ó longo da costa oriental de Sudamérica. ¿Non é este arquitecto o mesmo que, en Rianxo, veu morrer a Rafael? O caso é outra proba de que os Dieste deixan a pegada do xenio onde queira que fosen.

Hai algo que moitos non saben e que por desgracia nunca chegarán a saber. E este algo é a arte de conferenciante na que Rafael fixo maravillas. Tiven ocasión de ser auditor de moitas delas, e non só en Misións, senón tamén en Madrid, en Buenos Aires e noutros sitios. En Madrid, no Círculo de Bellas Artes, con ocasión dunha mostra de cuadros de Arturo Souto, dounos unha conferencia dunha lucidez, dunha valentía, dunha sagacidade case diría temibles. Aqueles cuadros de calidade revolucionaría, en momentos de tensión social, estética e política, comenzaron a falar, a gritar, desde as paredes en que estaban pendurados, cada un á súa maneira "persoal". O mesmo Souto, sentado á miña dereita, estaba máis que emocionado, a punto de chorar de sorpresa e de emoción, cal se por primeira vez se dese conta cabal do que pintara. A claridade, a seguridade verbal, a

contida veemencia do conferenciante, deixounos a uns afervoados polas implicacións sociais e políticas dos lenzos, e aleutos pola firmeza expositiva; a outros, aínda, pola riqueza e axilidade dialéctiva do disertante.

Outra conferencia que recordo mesmo como sea ouvise onte, pronunciona ¡no Carballiño!, en Ourense. E esta fai serena, case diría académica. O público era, máis ou menos, o das Misións Pedagóxicas: o cura, o alcalde, mestres, estudantes, veciños e veraneantes. E o tema, non vos asustedes, ¡a pintura de Ticiano! Aquel grupo, do que eu era entón un elemento, levaba un proxector excelente para os tempos e unha colección de postais escolleitas por un dos mestres da crítica de arte contempoánea –redescubridor do Greco–, don Manuel B. Cossío, presidente do Patronato de Misións Pedagóxicas. O que alí nos dixo Dieste do autor do retrato de Carlos V, logo da famosa batalla de Mülberg, non o recordo. Mais si recordo –e foi comentado despóis por algún dos presentes– que non se oía unha tos no transcurso de aquelas proxeccións comentadas por Rafael. Fun moitas veces ó Prado con pintores e críticos de arte, e tiven ocasión de oír e ler moitas opinións verbo de cuadros e de pintores, pero debo decir aquí que Dieste, cecais o menos erudito, era o que mellor cacheaba a fondo un cuadro dun Velázquez, dun Zurbarán, dun Goya. Os cuadros que o Patronato das Misións fixo copiar para pór logo as copias perante os ollos de moitos que nin sequera sabían que existisen, falaban por boca de Rafael Dieste, e doutros misioneiros, dun novo sentir de España, dunha España que reclamaba ser vista de novo e ser escoitada.

Por iniciativa de Rafael, o mestre, o boticario, algúns estudantes dun pobo de Castela, metéronse á noitiña polo leito dun regueiro para escoitar o "concerto", en competencia, de dous reiseñores. Daquela os paxaros eran, en España, "cousa de rapaces", non de "persoas serias". Máis tarde soubemos que xa por entón a BBC de Inglaterra levaba todas as primaveras ós fogares

os concertos destes músicos famosos desde os tempos, desde os albores da cultura grega.

Dieste era músico por natureza, mais aínda que por razón de arte. Aprendeu a tocar o piano da súa irmán Olegarita. E xa en Buenos Aires tivo tempo e coraxe para tomar leccións dun famoso profesor. De volta á casa do traballo na Editorial Atlántida, sentábase ó piano e regalábanos con algo sotil, algo orballado, fresco do bris mañanceiro: Erik Satie, Chopin, Grieg, Debussy... Música viva, sin énfase.

Para non cansar ós lectores con este mundo de recordos da miña convivencia con este amigo, direi aquí algo do meu encontro con *Don Frontán*. Sucedeu nun café da calle de Alcalá, en Madrid, onde Dieste me entregou a primeira edición de peza, impresa en Santiago: Niké 1930, con lucida tapa de Maside. Gustoume moito e celebrei a aparición nunha notiña que Dieste e eu acordamos publicar en non sei qué diario madrileño. E pasado certo tempo chegoulle a Rafael unha carta de seu irmán Eduardo, entón cónsul do Uruguai en Londres, e nela preguntáballe quén era aquel "Esplandián" que firmaba a noticia bibliográfica... A pregunta tiña a sua gracia, pero despóis de todo, Eduardo atopábase na terra onde xurdiron as lendas do Rei Artur e demáis patrañas, que a morna corrente, o Gulf Stream, espallou polas costas atlánticas da Europa continental sin saber cómo; estas lendas prenderon en Portugal e logo en España. E todos sabemos moi ben o que pasou despóis. En Buenos Aires tiven outro encontro con don Frontán, do que quedou testemuña na revista "Sur"; e xa aquí, en Bethesda, saboreei o derradeiro *Don Frontán*. E admirei a sua cura xenial. Pinturillas e Salerosa, convertidos en psiquiatras de altura, puxeron a don Frontán frente ó mundo, o grande, o único "curandeiro". "Don Frontán –ven a decirlle o Mundo–, non sexas pasmado. Abre os ollos e mira para fora. Nin ti nin os teus imaxinarios pecados tedes cabida neste mundo de hoxe. Apálpate ben e verás que nin el nin ti sodes máis

que un mal sono, un pesadelo, unha onda perdida no confín de pedra do Pórtico da Gloria. Os pecados de hoxe non son os pecados do teu tempo. Sé humilde; non pretendas sobrevivirte nos teus. É sino de grandeza saber morrer a tempo...".

Sí, amigos, galegos e non galegos. Dieste foise e non se foi se sabemos abrirlle a porta, se o deixamos entrar no noso pensar, no noso sentir e no noso obrar. Pode moi ben ser o noso Sócrates, quen nos desperte e nos ensine a sentir, a ver sin fachenda, sin conformidades de pouco máis ou menos, priguiceiras. Non nos consentirá que amañemos as nosas fraquezas e menos que as levemos ó mercado.

Dieste era sufrido e valente como o foi Sócrates. Vino moitas veces aterecido de frío nas estepas de Marrocos, mal vestido, famento como case todos os que alí fomos parar. Por todo abrigo cando os montes lonxanos aparecían cubertos de neve ó recoller as primeiras ou derradeiras raiolas de sol, tiña un roñoso impermeable. E así, sentado no chan o nunha pedra calquera, falaba con soldados e non soldados –tal o meu caso–, como Platón nos conta que falaba o rexo ateniense, mentres os maxistrados, moi cerquiña, o sentenciaban a morte. E moitos dos que o escoitabamos eran analfabetos, ou case, e non sabían escribirlle unha postal á nai que os agardaba na Península. Valente, sufrido, lúcido de mente, a sua capacidade de aguante, a sua saúde física e mental avergoñaban a moitos dos seus amigos. Padecía calado o frío, a calor, a sede, a falta de libros, a linguaxe soez e brutal dos oficiais.

E así volveu a Rianxo para loitar coa miseria. Sí, amigos, era o que nos agardaba naquela España cando nos nosos "vinte" chegabamos de Marrocos, sans ou enfermos... Falto dun emprego modesto, Dieste empezou a sua loita de xornalista, de profesor aquí e alá, de ensaísta, de poeta, de dramaturgo. E tras rodar polo mundo, o amigo de todos e de cada un –labrego ou mariñeiro, letrado ou ignorante–, a Rianxo voltou para facer entrega

